


# 2


## O MEDIO RURAL



### *2.1.* **FACTORES DE PRODUCCIÓN**

### *2.2.* **DESENVOLVEMENTO DO ÁMBITO RURAL**





# 2.1

## FACTORES DE PRODUCCIÓN



Este primeiro capítulo estrutúrase en sete grandes apartados, nos que se presentan as estatísticas básicas que nos permiten caracterizar os devanditos factores de produción: o territorio, a climatoloxía, o emprego, a mecanización das explotacións agrarias, a distribución xeral do solo segundo os seus usos e aproveitamentos, a estrutura das explotacións agrarias e o réxime de tenza da superficie total censada e a SAU.

Para a súa realización, as fontes estatísticas empregadas foron o *Anuario de Estadística Agroalimentaria 2000*, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; os *Padróns Municipais de Habitantes*; o *Anuario de Estadística Agraria*, a *Enquisa de Poboación Activa* e a *Enquisa de bovino 2000*, do IGE; o *Anuario de Estadísticas Laborales y Asuntos Sociales*, do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales; o libro *Concentración parcelaria en Galicia. Caracterización e avalización*, editado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; e o *Censo Agrario 1999*, do INE.

### Territorio

A extensión superficial da comunidade galega ascende a 29.575 quilómetros cadrados, o que

representa o 5,8% do total estatal. Lugo é a provincia con maior extensión, con 9.856 quilómetros cadrados, fronte ós 7.951 km<sup>2</sup> de A Coruña, os 7.273 km<sup>2</sup> de Ourense e os 4.495 quilómetros cadrados de Pontevedra.

Atendendo á súa distribución segundo zonas altimétricas, o **cadro 2.1.** reflicte que un 51,7% da superficie galega (15.293 km<sup>2</sup>) está situado a unha altitude entre 201 e 600 metros (o 9,8% da superficie estatal). Comparado co total estatal, a superficie galega a menos de 200 metros de altitude representa o 8,7% do total estatal (5.018 km<sup>2</sup>) e a comprendida entre 601 e 1.000 metros e a de máis de 1.001 metros, o 3,7% (7.278 km<sup>2</sup>) e 2,2% (1.986 km<sup>2</sup>), respectivamente.

O **cadro 2.2.** amosa que a superficie media dos 315 concellos galegos é de 135,9 km<sup>2</sup> fronte ós 62,4 km<sup>2</sup> de media estatal. Na provincia de Lugo, a extensión media dos 67 concellos é de 147,1 quilómetros cadrados, rexistrándose na provincia de Pontevedra a menor extensión media, con 72,5 km<sup>2</sup>.

O devandito **cadro 2.2.** amosa tamén que dos 315 concellos galegos, 111 presentan unha superficie comprendida entre 50 e 100 km<sup>2</sup> (o 6,9% do total estatal) e que 97 concellos presen-

2.1.

**Extensión superficial de Galicia e España: distribución segundo zonas altimétricas**

	Extensión	Altitude				
		Ata 200 m	De 201 a 600 m	De 601 a 1.000 m	De 1.001 a 2.000 m	Máis de 2.000 m
(en Km <sup>2</sup> )						
<b>Galicia</b>	29.575	5.018	15.293	7.278	1.986	-
<b>A Coruña</b>	7.951	2.758	5.030	163	-	-
<b>Lugo</b>	9.856	572	5.991	2.807	486	-
<b>Ourense</b>	7.273	160	2.117	3.498	1.498	-
<b>Pontevedra</b>	4.495	1.528	2.155	810	2	-
<b>España</b>	505.985	57.613	156.370	198.649	88.766	4.587
<b>Galicia / España</b>	5,8	8,7	9,8	3,7	2,2	-

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Anuario de Estadística Agroalimentaria 2000

2.2.

**Clasificación dos municipios segundo a súa extensión superficial**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	G / E
(%)							
<b>Total municipios</b>	94	67	92	62	315	8.109	3,9
Ata 5 km <sup>2</sup>	1	-	-	-	1	277	0,4
De 5 a 10 km <sup>2</sup>	1	2	2	2	7	541	1,3
De 10 a 15 km <sup>2</sup>	1	-	-	-	1	726	0,1
De 15 a 20 km <sup>2</sup>	1	-	1	1	3	767	0,4
De 20 a 30 km <sup>2</sup>	6	-	11	7	24	1.236	1,9
De 30 a 50 km <sup>2</sup>	16	1	17	18	52	1.666	3,1
De 50 a 100 km <sup>2</sup>	40	14	38	19	111	1.610	6,9
De 100 a 200 km <sup>2</sup>	24	42	18	13	97	867	11,2
De 200 a 300 km <sup>2</sup>	4	4	5	1	14	225	6,2
De 300 a 500 km <sup>2</sup>	-	4	-	1	5	133	3,8
De 500 a 1.000 km <sup>2</sup>	-	-	-	-	-	53	-
Máis de 1.000 km <sup>2</sup>	-	-	-	-	-	8	-
<b>Extensión media (km<sup>2</sup>)</b>	84,6	147,1	79	72,5	135,9	62,4	

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Anuario de Estadística Agroalimentaria 2000

2.3.

**Precipitacións medias mensuais: distribución segundo provincia**

	1961 / 1990				1998			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
(en mm.)								
<b>Xaneiro</b>	131	137	100	285	84	69	75	251
<b>Febreiro</b>	104	128	103	258	36	28	22	48
<b>Marzo</b>	86	112	59	183	11	57	60	110
<b>Abril</b>	83	80	64	155	232	324	188	386
<b>Maio</b>	78	95	62	138	64	83	54	69
<b>Xuño</b>	49	53	41	76	31	18	11	34
<b>Xullo</b>	25	28	19	39	57	57	13	43
<b>Agosto</b>	29	30	21	31	1	3	15	7
<b>Setembro</b>	62	81	48	112	127	100	98	247
<b>Outubro</b>	104	101	100	203	73	47	19	58
<b>Novembro</b>	116	126	77	204	76	82	36	121
<b>Decembro</b>	128	144	121	270	95	75	85	168


Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Anuario de Estadística Agroalimentaria 2000

2.4.

**Temperaturas máxima, mínima e media**

	1961 / 1990			1998			Nº de días con temperatura igual ou inferior a 0 grados
	Máxima	Mínima	Media	Máxima	Mínima	Media	
(°C)							
<b>A Coruña</b>	39,6	-0,8	14,1	32,6	2,4	15,2	0
<b>Lugo</b>	39,6	-13,2	11,2	36,2	-5,0	12,2	47
<b>Ourense</b>	42,6	-7,0	14,3	40,6	-3,2	15,2	21
<b>Pontevedra</b>	38,5	-5,0	13,4	34,6	0,0	14,4	1

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Anuario de Estadística Agroalimentaria 2000



tan unha extensión entre 100 e 200 km<sup>2</sup> (o 11,2% do total).

### Climatoloxía

Comparado coas precipitacións medias no período 1961-1990, o ano 1998 presenta un descenso das precipitacións nas catro provincias galegas. O **cadro 2.3.** amosa que Pontevedra é a provincia que presenta un maior volume de precipitacións, seguida de Lugo, A Coruña e Ourense.

Asemade, no mesmo período de tempo, o **cadro 2.4.** reflicte unha suavización das temperaturas ó aumenta-las temperaturas mínimas e ó reducirse as temperaturas máximas nas catro provincias galegas. A temperatura media medrou en torno a un grao centígrado, rexistrándose a temperatura media máis elevada en A Coruña e Ourense, con 15,2 graos no ano 1998, fronte ós 14,4 graos de Pontevedra e os 12,2 graos de Lugo.

Nese ano 1998, o número de días con temperaturas iguais ou inferiores a cero graos foi en Lugo de 47, mentres que en Ourense houbo 21 días cunha temperatura baixo cero e en Pontevedra, un día.

### Emprego

O estudio do emprego está estruturado en tres grandes subapartados nos que se analiza, en primeiro lugar as variables demográficas, como elemento que condiciona a evolución do mercado de traballo, para posteriormente analiza-la situación laboral do hábitat rural, e finalmente, presenta a situación do asociacionismo agrario.

A poboación galega o 1 de xaneiro do 2001 ascendía a 2.732.926 habitantes, dos que o 51,9% son mulleres. Comparado cos datos do censo de 1991, o **cadro 2.5.** reflicte unha medra da poboación galega (1.257 habitantes máis), producíndose esta medra por mor do crecemento da poboación feminina, que aumenta en 5.078 persoas, ó contrario do acontecido no caso dos homes, que rexistra unha caída de 3.821 persoas.

Atendendo á distribución provincial, o devandito **cadro 2.5.** reflicte que entre os anos 1991 e 2001 se rexistra unha maior concentración da poboación nas provincias de A Coruña e Pontevedra, que acollen no ano 2001 o 74,1% da poboación galega, fronte ó 73% do ano 1991. Asemade, cómpre salientar que neste período de tempo, estas dúas provincias rexistran unha medra na súa poboación, fronte ó descenso experimentado tanto en Lugo como en Ourense.

Se se considera como medio rural agrario aquel que está integrado por tódolos municipios que presentan a característica común de que máis do 15% da súa poboación ocupada o está no sector agrogandeiro e forestal, o escenario rural galego está formado por 202 dos 315 concellos existentes. A poboación residente nos mesmos foi, segundo os datos da revisión do padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2001, de 740.343 persoas, o que representa o 27,1% da poboación galega dese ano. A superficie do medio rural agrario ascende a 21,5 miles de quilómetros cadrados, o que significa o 72,8% da superficie galega, polo que a densidade de poboación ascende a 34,4 habitantes/km<sup>2</sup>.

Atendendo á súa distribución provincial, o **cadro 2.6.** amosa a irregular distribución da poboación. Dunha banda, as provincias de Lugo e Ourense presentan un marcado carácter rural xa que os concellos que cumpren o devandito requisito do 15% (59 dos 67 concellos da provincia de Lugo e 72 dos 92 concellos da de Ourense) acollen o 58,8% e 42,7% da súas respectivas poboacións. Asemade, cómpre salientar que un tercio da poboación da provincia de Lugo o fai en concellos onde a importancia relativa da ocupación no sector primario (agás pesca) é superior ó 40% da poboación ocupada total, e que en torno a un cuarto da poboación reside en municipios onde esa importancia relativa está entre o 20 e o 40%.

Doutra banda, a poboación residente nos concellos do medio rural nas provincias de A Coruña e Pontevedra representaba en 2001 o 22,8% e 13,8% da súa poboación, respectivamente.

2.5.

Poboación de dereito en Galicia 1991-2001: distribución segundo sexos

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Medio rural	(%)
<b>Censo 1991</b>	2.731.669	1.096.966	384.365	353.491	896.847	811.293	29,7
Homes	1.317.899	528.571	188.307	170.283	430.738	396.821	30,1
Mulleres	1.413.770	568.395	196.058	183.208	466.109	414.472	29,3
<b>Revisión do Padrón a 1/05/96</b>	2.742.622	1.110.302	370.303	346.913	915.104	776.705	28,3
Homes	1.320.347	533.921	180.550	166.778	439.098	379.230	28,7
Mulleres	1.422.275	576.381	189.753	180.135	476.006	397.475	27,9
<b>Revisión do Padrón a 1/01/01</b>	2.732.926	1.108.002	364.125	344.623	916.176	740.343	27,1
Homes	1.314.078	532.039	176.856	165.295	439.888	360.666	27,4
Mulleres	1.418.848	575.963	187.269	179.328	476.288	379.677	26,8

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Revisión del Padrón Municipal de Habitantes

2.6.

Poboación residente no medio rural galego 1991-2001

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra				
	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)
<b>Censo 1991</b>	2.731.669	1.096.966	384.365	353.491	896.847	100	100	100	100
Medio urbano	1.869.214	783.714	144.633	182.260	51,6	68,4	71,4	51,6	84,6
Medio rural	811.293	270.010	239.732	168.360	47,6	29,7	24,6	47,6	14,9
15% - 20%	126.424	45.840	5.463	25.876	7,3	4,6	4,2	7,3	5,5
20% - 40%	412.369	157.465	90.771	97.964	27,7	15,1	14,4	27,7	7,4
Máis de 40%	272.500	66.705	143.498	44.520	12,6	10,0	6,1	12,6	2,0
Resto concellos	51.162	43.242		2.871	0,8	1,9	3,9	0,8	0,6
<b>Revisión do Padrón 1996</b>	2.742.622	1.110.302	370.303	346.913	915.104	100	100	100	100
Medio urbano	1.914.988	800.643	145.323	189.385	54,6	69,8	72,1	54,6	85,2
Medio rural	772.376	261.993	224.980	154.851	44,6	28,2	23,6	44,6	14,3
15% - 20%	124.651	45.386	5.317	26.104	7,5	4,5	4,1	7,5	5,2
20% - 40%	397.841	152.952	87.983	90.841	26,2	14,5	13,8	26,2	7,2
Máis de 40%	249.884	63.655	131.680	37.906	10,9	9,1	5,7	10,9	1,8
Resto concellos	55.258	47.666		2.677	0,8	2,0	4,3	0,8	0,5
<b>Revisión do Padrón 2001</b>	2.732.926	1.108.002	364.125	344.623	916.176	100	100	100	100
Medio urbano	1.930.225	804.884	150.088	194.896	56,6	70,6	72,6	56,6	85,2
Medio rural	740.343	252.576	214.037	147.156	42,7	27,1	22,8	42,7	13,8
15% - 20%	122.420	44.284	5.181	25.884	7,5	4,5	4,0	7,5	5,1
20% - 40%	384.472	148.928	85.557	86.132	25,0	14,1	13,4	25,0	7,0
Máis de 40%	233.451	59.364	123.299	35.140	10,2	8,5	5,4	10,2	1,7
Resto concellos	62.358	50.542		2.571	0,7	2,3	4,6	0,7	1,0
<b>Nº de concellos</b>	315	94	67	92	100	100	100	100	100
Medio urbano	104	36	8	19	20,7	33,0	38,3	19	41
Medio rural	202	52	59	72	78,3	64,1	55,3	72	30,6
15% - 20%	23	6	2	6	6,5	7,3	6,4	6	14,5
20% - 40%	93	27	16	43	46,7	29,5	28,7	43	11,3
Máis de 40%	86	19	41	23	25,0	27,3	20,2	23	4,8
Resto concellos	9	6		1	1,1	2,9	6,4	1	3,2

(1) Neste informe considérase que o medio rural está integrado por aqueles concellos que presenta un peso relativo da súa poboación ocupada no sector primario (agás pesca) superior ó 15% da poboación ocupada total

(2) Os 9 concellos dos que non se dispoñen datos desagregados da súa poboación ocupada son Abegondo, Camariñas, Laxe, Muxía, Oleiros, e Somozas (As) na provincia de A Coruña; Peroxa (A), en Ourense; e Agolada e Illa de Arousa, en Pontevedra.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE e do IGE

2.7.

Evolución da poboación galega no medio rural e urbano 1986-2001

Year	Galicia (%)	Medio urbano (<15% POAgr./POT) (%)	Medio rural (>15% POAgr./POT) (%)
1986	100	100	100
1987	100	100	100
1988	101	101	100
1989	102	102	99
1990	103	103	98
1991	96	101	85
1992	96	102	85
1993	97	103	85
1994	98	104	85
1995	99	105	85
1996	96	103	81
1998	96	103	79
1999	96	103	78
2000	96	103	78
2001	96	103	78

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos INE

## Poboación galega 1996 e 2001: distribución segundo grupos de idade

	1996			2001			2001/1996		
	0-16	16-64	>64	0-16	16-64	>64	0-16	16-64	>64
							(%)		
<b>A Coruña</b>	171.457	751.673	187.171	139.271	752.112	216.619	-18,8	0,1	15,7
Medio urbano	125.536	552.919	122.186	103.309	557.074	144.501	-17,7	0,8	18,3
Medio rural	37.907	167.087	57.000	28.836	160.976	62.764	-23,9	-3,7	10,1
15% - 20%	6.443	29.417	9.525	4.889	28.839	10.556	-24,1	-2,0	10,8
20% - 40%	23.037	97.910	32.004	17.699	95.673	35.556	-23,2	-2,3	11,1
Máis de 40%	8.427	39.760	15.471	6.248	36.464	16.652	-25,9	-8,3	7,6
Resto concellos	8.014	31.667	7.985	7.126	34.062	9.354	-11,1	7,6	17,1
<b>Lugo</b>	50.511	228.504	91.290	40.992	224.014	99.119	-18,8	-2,0	8,6
Medio urbano	23.274	95.349	26.700	20.348	99.361	30.379	-12,6	4,2	13,8
Medio rural	27.237	133.155	64.590	20.644	124.653	68.740	-24,2	-6,4	6,4
15% - 20%	738	3.271	1.308	525	3.222	1.434	-28,9	-1,5	9,6
20% - 40%	11.402	53.600	22.982	9.107	51.765	24.685	-20,1	-3,4	7,4
Máis de 40%	15.097	76.284	40.300	11.012	69.666	42.621	-27,1	-8,7	5,8
<b>Ourense</b>	46.580	214.389	85.946	38.777	211.362	94.484	-16,8	-1,4	9,9
Medio urbano	29.679	123.909	35.800	26.284	127.326	41.286	-11,4	2,8	15,3
Medio rural	16.674	88.962	49.214	12.338	82.573	52.245	-26,0	-7,2	6,2
15% - 20%	3.477	15.754	6.873	2.869	15.598	7.417	-17,5	-1,0	7,9
20% - 40%	9.539	51.930	29.373	6.934	48.146	31.052	-27,3	-7,3	5,7
Máis de 40%	3.658	21.278	12.968	2.535	18.829	13.776	-30,7	-11,5	6,2
Resto concellos	227	1.518	932	155	1.463	953	-31,7	-3,6	2,3
<b>Pontevedra</b>	158.831	618.860	137.410	131.271	626.347	158.557	-17,4	1,2	15,4
Medio urbano	137.834	532.759	109.043	114.014	539.739	126.603	-17,3	1,3	16,1
Medio rural	20.351	83.115	27.084	15.992	80.725	29.857	-21,4	-2,9	10,2
15% - 20%	7.838	30.604	9.401	6.283	30.358	10.430	-19,8	-0,8	10,9
20% - 40%	10.151	42.203	13.711	7.960	40.671	15.224	-21,6	-3,6	11,0
Máis de 40%	2.362	10.308	3.972	1.749	9.696	4.203	-26,0	-5,9	5,8
Resto concellos	646	2.986	1.283	1.265	5.883	2.097	95,8	97,0	63,4
<b>Galicia</b>	427.379	1.813.426	501.817	350.311	1.813.835	568.779	-18,0	0,0	13,3
Medio urbano	316.323	1.304.936	293.729	263.955	1.323.500	342.769	-16,6	1,4	16,7
Medio rural	102.169	472.319	197.888	77.810	448.927	213.606	-23,8	-5,0	7,9
15% - 20%	18.496	79.046	27.107	14.566	78.017	29.837	-21,2	-1,3	10,1
20% - 40%	54.129	245.643	98.070	41.700	236.255	106.517	-23,0	-3,8	8,6
Máis de 40%	29.544	147.630	72.711	21.544	134.655	77.252	-27,1	-8,8	6,2
Resto concellos	8.887	36.171	10.200	8.546	41.408	12.404	-3,8	14,5	21,6

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE e do IGE

Atendendo á evolución rexistrada nos últimos anos, cómpre salienta-la forte caída da poboación residente no ámbito rural galego, producíndose este descenso en tódalas provincias galegas. Tomando como referencia o ano 1986 (1986 = 100) o gráfico reflectido no **cadro 2.7.** amosa a caída da poboación no medio rural fronte ó lixeiro descenso experimentado pola poboación galega no seu conxunto e a medra da poboación do medio urbano.

En termos relativos, salienta, dunha banda, que nese período de tempo a poboación galega descendeu un 3,9% fronte ó 22,0% rexistrado no concellos rurais galegos e a medra do 4,6% rexistrado no medio urbano. Doutra, o descenso xeralizado no medio rural é máis acusado nas provincias de Ourense e Lugo, cun 38,1% e 20,4%, respectivamente, mentres que a poboación no medio urbano medra en tódalas provincias galegas. O incremento máis importante da poboación resi-

dente nos núcleos urbanos rexístrase en Lugo, cun 10,4%.

Xunto ó descenso da poboación nos núcleos rurais, cómpre salienta-lo proceso de avellentamento rexistrado en Galicia. No ano 2001, o 20,8% da poboación galega tiña máis de 64 anos, e un 12,8% tiña menos de 16 anos, mentres que cinco anos antes, estas porcentaxes eran do 18,3% e 15,6%, respectivamente.

Atendendo á distribución entre núcleos urbanos e rurais, o problema do avellentamento é moito máis acusado no medio rural que no urbano, aumentando o peso relativo da poboación maior de 64 anos a medida que aumenta a importancia relativa da poboación ocupada no sector primario (agás pesca) na poboación ocupada total. A partir dos datos do **cadro 2.8.** dedúcese que no ano 2001 o 28,9% da poboación residente no medio rural tiña máis de 64 anos (25,6% no

2.9.

Traballadores afiliados á Seguridade Social nas CC.AA. 1997 e 2001: total réximes e réxime especial agrario

	Total tódolos réximes		Total R. Especial Agrario		R.E. Agrario conta allea		R.E. Agrario conta propia	
	1997	2001	1997	2001	1997	2001	1997	2001
	(en miles de persoas)							
Andalucía	2.024,9	2.483,5	522,1	555,3	484,6	518,7	37,5	36,6
Aragón	406,8	469,4	29,6	21,8	7,9	6,6	21,7	15,2
Asturias	305,9	348,1	24,0	19,9	1,6	1,2	22,4	18,7
Baleares	303,7	384,3	7,3	5,6	2,4	2,0	4,9	3,6
Canarias	522,0	660,4	27,9	25,1	22,0	20,5	5,9	4,6
Cantabria	155,2	186,4	11,3	9,4	1,2	1,0	10,1	8,4
Castela a Mancha	466,9	552,4	53,1	48,2	27,9	25,2	25,2	23,0
Castela e León	728,6	821,6	80,5	66,0	14,9	13,0	65,6	53,0
Cataluña	2.380,1	2.859,2	51,7	43,6	16,7	16,1	35,0	27,5
C. Valenciana	1.291,9	1.596,7	90,2	78,5	74,3	64,7	15,9	13,8
Estremadura	297,4	342,9	86,8	90,1	72,0	75,7	14,8	14,4
Galicia	782,4	904,3	88,1	70,5	5,6	4,5	82,5	66,0
A Coruña	316,7	369,0	29,8	24,1	1,8	1,4	28,0	22,7
Lugo	108,7	118,6	30,0	25,5	1,7	1,4	28,3	24,1
Ourense	91,0	99,6	11,8	8,3	0,6	0,4	11,2	7,9
Pontevedra	265,9	317,1	16,5	12,8	1,5	1,4	15,0	11,4
Madrid	1.911,7	2.396,8	5,5	4,6	2,6	2,5	2,9	2,1
Murcia	337,0	432,5	50,6	60,9	41,9	53,2	8,7	7,7
Navarra	191,2	231,9	10,6	10,8	2,2	3,2	8,4	7,6
Pais Vasco	709,7	839,9	10,7	9,3	1,5	1,4	9,2	7,9
A Rioxa	90,9	108,6	7,2	8,0	1,8	2,6	5,4	5,4
Ceuta	13,0	16,0	-	-	-	-	-	-
Melilla	12,9	15,0	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>12.932,2</b>	<b>15.649,9</b>	<b>1.157,2</b>	<b>1.127,5</b>	<b>781,1</b>	<b>812,0</b>	<b>376,1</b>	<b>315,5</b>
<b>Galicia / España (%)</b>	<b>6,1</b>	<b>5,8</b>	<b>7,6</b>	<b>6,3</b>	<b>0,7</b>	<b>0,6</b>	<b>21,9</b>	<b>20,9</b>

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, *Anuario de Estadísticas Laborales y Asuntos Sociales*

ano 1996) fronte ó 17,8% da poboación residente no medio urbano (15,3% en 1996). No caso dos concellos que presentan máis do 40% da súa poboación ocupada no subsector agrogandeiro e forestal, estas porcentaxes ascenden ó 33,1% no ano 2001 e a 29,1% no ano 1996.

Este problema é máis acusado nas provincias de Ourense e Lugo, onde máis da cuarta parte da súa poboación tiña máis de 64 anos. No medio rural destas provincias, a poboación maior de 64 anos representa o 35,5% e o 32,1%, respectivamente, aproximándose ó 40% no caso dos concellos ourensáns que presentan máis do 40% da súa poboación ocupada total no subsector agrogandeiro e forestal.

No concernente ó mercado de traballo, segundo os datos do *Anuario de Estadísticas Laborales* do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, no ano 2001 o número de afiliados ó réxime especial agrario ascendeu a 70,5 miles de persoas, o que supón o 6,3% do total estatal. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a cuarta comunidade con maior número de afiliados, por detrás de Andalucía, que

acolle ó 49,3% dos mesmos, Estremadura, co 8,0%, e a Comunidade Valenciana, co 7,0%.

Atendendo á desagregación entre afiliados por conta propia e conta allea, cómpre salientar que Galicia é a comunidade autónoma con maior número de afiliacións no caso do réxime especial agrario por conta propia, con 66,0 miles de afiliacións, o que representa o 20,9% das afiliacións no conxunto do Estado.

Comparado co ano 1997, o **cadro 2.9.** reflicte que ó longo destes cinco anos Galicia foi a comunidade autónoma onde se rexistrou a maior caída no número de afiliados ó réxime especial agrario, con 17,6 miles de persoas afiliadas menos (29,7 miles de afiliacións menos no conxunto do Estado). Este descenso rexístrase tanto no caso das afiliacións por conta propia como no de conta allea, sendo de 16,5 miles de afiliados no primeiro caso e de 1,1 afiliados menos no caso das afiliacións o REA por conta allea.

Segundo os datos da *Enquisa da Poboación Activa* (EPA), a **poboación activa** (media anual) no sector primario (agás pesca) acadou no ano

2.10.


Poboación activa, ocupada e parada no sector primario (agás pesca) 2002 e 1997-2001

	Sector primario (agás pesca)			Peso relativo no total galego e provincial		
	Activos	Ocupados	Parados	Activos	Ocupados	Parados
	(en miles de persoas)			(%)		
<b>Ano 2002</b>	111,9	108,9	3,0	9,2	10,2	2,0
A Coruña	33,6	32,8	0,8	6,8	7,6	1,3
Lugo	39,4	38,8	0,6	25,2	27,3	4,2
Ourense	15,9	15,1	0,8	10,8	11,2	6,3
Pontevedra	23,0	22,2	0,8	5,5	6,1	1,4
	(%)			(en puntos porcentuais)		
<b>Variación 01/97</b>	-27,3	-27,2	-31,2	-4,6	-6,2	-0,2
A Coruña	-31,8	-32,1	0,0	-4,1	-5,4	0,1
Lugo	-25,3	-25,2	-35,7	-8,2	-10,8	-0,5
Ourense	-19,4	-17,7	-56,4	-3,0	-4,0	-1,6
Pontevedra	-29,2	-29,6	-15,6	-3,2	-4,6	0,1

(1) Os datos do ano 2002 corresponden ós datos da EPA segundo a nova metodoloxía 2002, mentres que a variación 1997-2001 está calculada a partires dos datos da antiga metodoloxía.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Enquisa de Poboación Activa

2.11.



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos IGE, Enquisa de Poboación Activa

2002 (metodoloxía EPA-2002) as 111,9 miles de persoas, o que representa o 9,2% dos activos en Galicia. No período comprendido entre 1997 e 2000, a poboación activa neste subsector descendeu un 27,3%, e a súa importancia relativa na poboación activa total galega o fixo en 4,6 puntos porcentuais (**cadro 2.10**).

Atendendo á súa distribución provincial, o devandito **cadro 2.10** reflicte a importancia do subsector agrogandeiro e forestal en Lugo, xa que as 39,4 miles de persoas activas neste subsector no ano 2002 representan o 25,2% da poboación activa lucense. No período 1997-2001, o peso relativo da poboación activa lucense neste subsector na poboación activa total da provincia des-

cendeu 8,2 puntos porcentuais (4,6 puntos porcentuais no conxunto de Galicia).

A **poboación ocupada** no sector primario (agás pesca) acadou no ano 2002 as 108,9 miles de persoas (o 10,2% da ocupación galega nese ano). Atendendo á evolución seguida pola ocupación entre os anos 1997 e 2001, cómpre salientar, dunha banda, o seu descenso en máis dun 25%, e doutra, a caída do peso relativo da ocupación no sector primario (agás pesca) no total da ocupación galega en máis de seis puntos porcentuais (do 18,7% ós 12,4% do ano 2001).

Atendendo á distribución provincial, cómpre salientar, dunha banda, que Lugo é a provin-

2.12.

**Poboación ocupada no sector primario (agás pesca) 2002 e 1997-2001: distribución segundo a súa situación profesional e sexo**

	Sector primario (agás pesca)			Peso relativo no total galego		
	Ocupados	Homes	Mulleres	Ocupados	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(%)		
<b>Ano 2002</b>	108,9	52,9	55,9	10,2	8,2	13,1
Empresarios sen asalariados	69,9	32,1	37,8	37,6	30,5	46,8
Empresarios con asalariados	2,3	2,1	0,2	3,5	4,1	1,4
Axudas familiares	22,8	7,3	15,5	64,4	65,8	63,8
Asalariados	13,0	10,8	2,2	1,7	2,3	0,7
Outros	0,8	0,6	0,2	19,0	25,0	11,8
	(%)			(en puntos porcentuais)		
<b>Variación 01/97</b>	-27,2	-24,1	-29,6	-6,2	-3,8	-10,5
Empresarios sen asalariados	-21,9	-20,5	-23,0	-7,1	-4,1	-11,3
Empresarios con asalariados	-8,3	-13,4	60,0	-1,0	-1,2	0,1
Axudas familiares	-44,3	-50,0	-41,3	-9,9	-13,5	-8,1
Asalariados	15,1	16,9	7,0	-0,1	0,0	-0,2
Outros	-66,7	50,0	-100	-5,6	8,8	-19,4

(1) Os datos do ano 2002 corresponden ós datos da EPA segundo a nova metodoloxía 2002, mentres que a variación 1997-2001 está calculada a partires dos datos da antiga metodoloxía.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Enquisa de Poboación Activa

2.13.

**Poboación ocupada no sector primario (agás pesca) 2002 e 1997-2001: distribución segundo grupos de idade e sexo**

	Sector primario (agás pesca)			Peso relativo no total galego		
	Ocupados	Homes	Mulleres	Ocupados	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(%)		
<b>Ano 2002</b>	108,9	53,0	55,9	10,2	8,2	13,1
De 16 a 19 anos	1,3	1,3	-	7,7	11,6	-
De 20 a 24 anos	1,8	1,6	0,2	2,2	3,1	0,7
De 25 a 54 anos	65,6	33,8	31,8	7,9	6,8	9,6
Máis de 55 anos	40,2	16,3	23,9	27,9	19,0	40,9
	(%)			(en puntos porcentuais)		
<b>Variación 01/97</b>	-27,2	-24,1	-29,6	-6,3	-3,8	-10,5
De 16 a 19 anos	-78,9	-74,8	-100,0	-11,7	-12,8	-8,7
De 20 a 24 anos	-45,0	-7,9	-86,7	-3,2	-1,0	-6,7
De 25 a 54 anos	-24,6	-19,8	-28,6	-4,6	-2,6	-8,2
Máis de 55 anos	-27,4	-28,3	-26,9	-13,3	-9,1	-18,4

(1) Os datos do ano 2002 corresponden ós datos da EPA segundo a nova metodoloxía 2002, mentres que a variación 1997-2001 está calculada a partires dos datos da antiga metodoloxía.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Enquisa de Poboación Activa

cia que acolle ó maior número de ocupados no sector, con 38,8 miles de persoas, seguido de A Coruña, con 32,8 miles de ocupados. Doutra banda, a elevada importancia relativa da ocupación agraria en Lugo, que no ano 2002 acolle o 27,3% da ocupación da provincia. Asemade hai que destacar que no período 1997-2001, a importancia relativa da ocupación neste subsector no total provincial descendeu en case 11 puntos porcentuais.

Na análise da ocupación no subsector agrogandeiro e forestal cómpre salienta-la importancia da man de obra feminina, que no ano 2002 representaba o 51,3% da poboación ocupada no

sector (case un 57% no ano 1997). En termos absolutos, o número de mulleres ocupadas neste sector acadou as 55,9 miles de persoas no ano 2002, sendo o seu peso relativo no conxunto de mulleres ocupadas o 13,1%. Entre os anos 1997 e 2001, a importancia relativa da ocupación feminina no sector primario (agás pesca) no volume total de ocupación feminina no conxunto de Galicia descendeu 10,5 puntos porcentuais.

Este peso da man de obra feminina débese, en boa medida, ó papel das axudas familiares. O **cadro 2.12.** amosa que estas axudas familiares na agricultura representan o 64,7% do total (22,9 miles de persoas) e, dentro destas, a muller signi-

2.14.

**Poboación ocupada no subsector agrogandeiro e forestal 1996: concellos con peso relativo na poboación ocupada total entre 15% e 20%**

	Poboación ocupada no subsector agrogandeiro e forestal			Poboación ocupada total			Peso relativo da P.O. no subsector agrogandeiro e forestal na P.O. galega total		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<b>A Coruña</b>									
Cabana de Bergantiños	194	147	341	1.313	597	1.910	14,8	24,6	17,9
Cedeira	173	174	347	1.541	629	2.170	11,2	27,7	16,0
Laracha	335	232	567	2.365	1.125	3.490	14,2	20,6	16,2
Miño	78	119	197	924	392	1.316	8,4	30,4	15,0
Outes	173	247	420	1.795	770	2.565	9,6	32,1	16,4
Valdoviño	159	187	346	1.280	622	1.902	12,4	30,1	18,2
<b>Lugo</b>									
Folgoso do Courel	49	6	55	273	58	331	17,9	10,3	16,6
Xove	47	159	206	780	333	1.113	6,0	47,7	18,5
<b>Ourense</b>									
Amoeiro	33	75	108	341	208	549	9,7	36,1	19,7
Celanova	161	147	308	1.099	535	1.634	14,6	27,5	18,8
Monterrei	100	30	130	482	187	669	20,7	16,0	19,4
Nogueira de Ramuín	40	76	116	421	280	701	9,5	27,1	16,5
Taboadela	35	47	82	354	167	521	9,9	28,1	15,7
Xinzo de Limia	296	202	498	1.940	824	2.764	15,3	24,5	18,0
<b>Pontevedra</b>									
Cerdedo	28	73	101	490	184	674	5,7	39,7	15,0
Cotobade	65	128	193	875	377	1.252	7,4	34,0	15,4
Cuntis	66	289	355	1.131	722	1.853	5,8	40,0	19,2
Meaño	114	140	254	1.035	532	1.567	11,0	26,3	16,2
Neves (As)	108	129	237	877	381	1.258	12,3	33,9	18,8
Oia	78	82	160	646	249	895	12,1	32,9	17,9
Ribadumia	107	80	187	780	401	1.181	13,7	20,0	15,8
Rosal (O)	91	183	274	1.209	527	1.736	7,5	34,7	15,8
Tomíño	278	220	498	2.234	785	3.019	12,4	28,0	16,5

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, *Padrón municipal de habitantes 1996*

ficou o 67,7% (15,5 miles de persoas). No período 1997-2001 as axudas familiares descendieron no conxunto de Galicia un 44,3%, sendo esta caída do 50,0% no caso dos homes e de 41,3% no caso das mulleres.

Asemade, o devandito **cadro 2.12.** reflicte que das 108,9 miles de persoas ocupadas no sector primario (agás pesca) no ano 2002, 69,9 miles de persoas son empresarios sen asalariados, o que representa o 37,6% dos empresarios sen asalariados en Galicia. O 54,1% destes empresarios son mulleres (37,8 miles de persoas), sendo a súa importancia relativa no total galego de empresarias sen asalariados do 46,8%. Entre os anos 1997 e 2001 o descenso do número de empresarios sen asalariados neste subsector é superior ó 20% tanto no caso dos homes como das mulleres.

O número de asalariados no subsector agrogandeiro e forestal foi de 13,0 miles de persoas no ano 2002, das que 2,2 miles de persoas son mulleres. O seu peso relativo no conxunto de asalariados de Galicia foi do 1,7% para o conxunto do sector, e do 0,7% no caso das mulleres.

Atendendo á distribución segundo sexo e grupos de idade, cómpre salientar que, no ano 2002, case un 30% das persoas ocupadas que teñen máis de 55 anos se atopan neste subsector (40,2 miles de persoas), sendo esta porcentaxe do 40,9% no caso das mulleres (23,9 miles de persoas).

O **cadro 2.13.** reflicte que o descenso da ocupación se rexistra nos catro grupos de idades considerados. En termos relativos, o grupo de idades comprendidos entre 16 e 19 anos en entre 20 e 24 anos rexistran unha caída superior á media galega (78,9% e 45,0%, respectivamente), ó contrario do acontecido no caso das persoas entre 25 e 54 anos e do grupo de persoas maiores de 55 (24,6% e 27,4%, respectivamente).

Atendendo ós datos da ocupación a nivel municipal dos concellos considerados como núcleos rurais, os **cadros 2.14.** a **2.16.** amosan a poboación ocupada no subsector agrogandeiro e forestal, así como o seu peso relativo na poboación ocupada total. Tomando como referencia os datos do padrón de habitantes do ano 1996, como

2.15.

**Poboación ocupada no subsector agrogandeiro e forestal 1996: concellos cun peso relativo na poboación ocupada total entre 20% e 40%**

	Poboación ocupada no subsector agrogandeiro e forestal			Poboación ocupada total			Peso relativo da P.O. no subsector agrogandeiro e forestal na P.O. total (%)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<b>A Coruña</b>									
Arzúa	481	256	737	1.457	713	2.170	33,0	35,9	34,0
Boqueixón	232	252	484	958	576	1.534	24,2	43,8	31,6
Brión	260	295	555	1.419	721	2.140	18,3	40,9	25,9
Capela (A)	84	142	226	364	225	589	23,1	63,1	38,4
Cerceda	220	314	534	1.225	637	1.862	18,0	49,3	28,7
Coirós	36	84	120	335	170	505	10,7	49,4	23,8
Coristanco	245	384	629	1.688	979	2.647	14,7	39,2	23,8
Curtis	261	257	518	1.004	558	1.562	26,0	46,1	33,2
Dumbría	136	254	390	1.139	492	1.631	11,9	51,6	23,9
Lousame	100	160	260	824	382	1.206	12,1	41,9	21,6
Mañón	88	88	176	410	210	620	21,5	41,9	28,4
Melide	374	142	516	1.769	757	2.526	21,1	18,8	20,4
Negreira	293	388	681	1.366	823	2.189	21,4	47,1	31,1
Ordes	402	502	904	2.555	1.509	4.064	15,7	33,3	22,2
Oroso	152	155	307	1.005	528	1.533	15,1	29,4	20,0
Ortigueira	244	260	504	1.694	782	2.476	14,4	33,2	20,4
Oza dos Ríos	104	195	299	681	363	1.044	15,3	53,7	28,6
Paderne	86	180	266	500	303	803	17,2	59,4	33,1
Pino (O)	259	200	459	998	493	1.491	26,0	40,6	30,8
Ponteceso	310	409	719	1.726	978	2.704	18,0	41,8	26,6
Rois	222	409	631	1.042	663	1.705	21,3	61,7	37,0
San Sadurniño	127	231	358	625	381	1.006	20,3	60,6	35,6
Santa Comba	557	965	1.522	2.255	1.559	3.814	24,7	61,9	39,9
Vedra	169	149	318	1.058	467	1.525	16,0	31,9	20,9
Vilarmador	83	89	172	305	144	449	27,2	61,8	38,3
Vimianzo	412	220	632	2.184	803	2.987	18,9	27,4	21,2
Zas	393	436	829	1.494	857	2.351	26,3	50,9	35,3
<b>Lugo</b>									
Alfoz	142	254	396	606	400	1.006	23,4	63,5	39,4
Barreiros	191	278	469	704	481	1.185	27,1	57,8	39,6
Begonte	257	221	478	845	418	1.263	30,4	52,9	37,8
Bóveda	123	95	218	379	200	579	32,5	47,5	37,7
Chantada	515	527	1.042	1.796	1.239	3.035	28,7	42,5	34,3
Lourenzá	159	269	428	627	445	1.072	25,4	60,4	39,9
Meira	116	119	235	396	235	631	29,3	50,6	37,2
Mondoñedo	200	393	593	1.048	754	1.802	19,1	52,1	32,9
Outeiro de Rei	235	266	501	877	493	1.370	26,8	54,0	36,6
Pontenova (A)	179	150	329	771	327	1.098	23,2	45,9	30,0
Quiroga	114	134	248	808	420	1.228	14,1	31,9	20,2
Ribadeo	280	323	603	1.738	1.115	2.853	16,1	29,0	21,1
Sarria	596	430	1.026	2.596	1.303	3.899	23,0	33,0	26,3
Valadouro (O)	98	195	293	521	313	834	18,8	62,3	35,1
Vicedo (O)	83	118	201	531	243	774	15,6	48,6	26,0
Vilalba	604	728	1.332	2.795	1.622	4.417	21,6	44,9	30,2
<b>Ourense</b>									
Arnoia (A)	78	92	170	246	188	434	31,7	48,9	39,2
Bande	96	110	206	478	290	768	20,1	37,9	26,8
Baños de Molgas	59	86	145	335	204	539	17,6	42,2	26,9
Bolo (O)	69	63	132	233	112	345	29,6	56,3	38,3
Cartelle	135	126	261	669	264	933	20,2	47,7	28,0
Castrelo do Val	31	16	47	159	62	221	19,5	25,8	21,3
Castro Caldelas	78	71	149	327	181	508	23,9	39,2	29,3
Cenlle	110	34	144	325	135	460	33,8	25,2	31,3
Cortegada	79	56	135	289	93	381	27,4	60,2	35,4
Cualedro	107	42	149	341	124	465	31,4	33,9	32,0
Entrín	46	102	148	217	179	396	21,2	57,0	37,4
Esgos	60	50	110	268	127	395	22,4	39,4	27,8
Gudiña (A)	105	3	108	435	76	511	24,1	3,9	21,1
Laza	64	39	103	330	103	433	19,4	37,9	23,8
Leiro	121	98	219	387	186	573	31,3	52,7	38,2
Lobios	67	93	160	413	208	621	16,2	44,7	25,8
Maceda	149	55	204	605	265	870	24,6	20,8	23,4
Manzaneda	31	60	91	213	132	345	14,6	45,5	26,4
Maside	91	140	231	632	389	1.021	14,4	36,0	22,6
Merca (A)	118	64	182	454	166	620	26,0	38,6	29,4
Mezquita (A)	80	52	132	259	124	383	30,9	41,9	34,5
Muiños	86	80	166	348	154	502	24,7	51,9	33,1
Oimbra	53	24	77	267	114	381	19,9	21,1	20,2
Paderne de Allariz	57	48	105	300	156	456	19,0	30,8	23,0
Padrenda	69	126	195	496	198	694	13,9	63,6	28,1
Piñor	58	98	156	310	200	510	18,7	49,0	30,6
Ramirás	51	85	136	251	150	401	20,3	56,7	33,9
Riós	184	48	232	436	146	582	42,2	32,9	39,9
San Cibrao das Viñas	125	91	216	567	291	858	22,0	31,3	25,2
San Cristovo de Cea	242	211	453	806	394	1.200	30,0	53,6	37,8
Sandiás	93	74	167	269	156	425	34,6	47,4	39,3
Trasmiras	40	64	104	242	153	395	16,5	41,8	26,3
Veiga (A)	75	71	146	257	140	397	29,2	50,7	36,8
Verea	63	67	130	211	121	332	29,9	55,4	39,2
Viana do Bolo	216	85	301	775	305	1.080	27,9	27,9	27,9
Vilamarín	75	81	156	457	241	698	16,4	33,6	22,3
Vilar de Santos	47	86	133	219	157	376	21,5	54,8	35,4
Vilardevós	89	112	201	359	189	548	24,8	59,3	36,7
Xunqueira de Ambia	87	81	168	361	201	562	24,1	40,3	29,9
Vilariño de Conso	31	9	40	121	46	167	25,6	19,6	24,0
Punxín	46	42	88	202	124	326	22,8	33,9	27,0
Pontedeva	35	26	61	194	64	258	18,0	40,6	23,6
Parada de Sil	39	24	63	144	69	213	27,1	34,8	29,6
<b>Pontevedra</b>									
Arbo	164	135	299	983	428	1.411	16,7	31,5	21,2
Estrada (A)	464	834	1.298	4.203	2.278	6.481	11,0	36,6	20,0
Fornelos de Montes	30	95	125	414	197	611	7,2	48,2	20,5
Lalín	1.148	678	1.826	4.510	2.457	6.967	25,5	27,6	26,2
Lama (A)	105	90	195	540	212	752	19,4	42,5	25,9
Meis	134	156	290	941	483	1.424	14,2	32,3	20,4
Vila de Cruces	518	157	675	1.529	524	2.053	33,9	30,0	32,9

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Padrón municipal de habitantes 1996

## O SUBSECTOR AGROGANDEIRO E FORESTAL EN GALICIA

2.16.

**Poboación ocupada no subsector agroganreiro e forestal 1996: concellos cun peso relativo na poboación ocupada total superior ó 40%**

	Poboación ocupada no subsector agroganreiro e forestal			Poboación ocupada total			Peso relativo da P.O. no subsector agroganreiro e forestal na P.O. total (%)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<b>A Coruña</b>									
Aranga	292	310	602	539	395	934	54,2	78,5	64,5
Baña (A)	484	460	944	1.419	741	2.160	34,1	62,1	43,7
Boimorto	255	178	433	562	305	867	45,4	58,4	49,9
Cerdido	142	108	250	351	168	519	40,5	64,3	48,2
Cesuras	185	290	475	545	388	933	33,9	74,7	50,9
Frades	321	225	546	674	374	1.048	47,6	60,2	52,1
Irixoa	141	172	313	369	245	614	38,2	70,2	51,0
Mazaricos	394	655	1.049	1.536	983	2.519	25,7	66,6	41,6
Mesía	398	267	665	819	417	1.236	48,6	64,0	53,8
Moeche	66	113	179	246	170	416	26,8	66,5	43,0
Monfero	219	225	444	515	294	809	42,5	76,5	54,9
Santiso	259	200	459	496	282	778	52,2	70,9	59,0
Sobrado	441	337	778	628	394	1.022	70,2	85,5	76,1
Toques	255	18	273	437	87	524	58,4	20,7	52,1
Tordoia	375	314	689	1.062	575	1.637	35,3	54,6	42,1
Touro	444	495	939	1.164	813	1.977	38,1	60,9	47,5
Trazo	374	329	703	859	533	1.392	43,5	61,7	50,5
Val do Dubra	397	484	881	1.149	832	1.981	34,6	58,2	44,5
Vilasantar	167	89	256	372	189	561	44,9	47,1	45,6
<b>Lugo</b>									
Abadín	337	485	822	680	606	1.286	49,6	80,0	63,9
Antas de Ulla	229	171	400	533	284	817	43,0	60,2	49,0
Baleira	253	154	407	409	221	630	61,9	69,7	64,6
Baralla	369	104	473	741	224	965	49,8	46,4	49,0
Becerreá	405	149	554	856	337	1.193	47,3	44,2	46,4
Carballedo	282	273	555	620	407	1.027	45,5	67,1	54,0
Castro de Rei	560	518	1.078	1.234	803	2.037	45,4	64,5	52,9
Castroverde	506	341	847	864	470	1.334	58,6	72,6	63,5
Cervantes	412	30	442	582	111	693	70,8	27,0	63,8
Corgo (O)	356	248	604	918	477	1.395	38,8	52,0	43,3
Cospeito	493	636	1.129	1.201	906	2.107	41,0	70,2	53,6
Fonsagrada (A)	653	240	893	1.279	495	1.774	51,1	48,5	50,3
Friol	469	409	878	945	546	1.491	49,6	74,9	58,9
Guitiriz	514	486	1.000	1.454	812	2.266	35,4	59,9	44,1
Guntín	367	267	634	692	387	1.079	53,0	69,0	58,8
Incio (O)	313	189	502	564	262	826	55,5	72,1	60,8
Láncara	571	264	835	826	369	1.195	69,1	71,5	69,9
Monterroso	346	280	626	964	467	1.431	35,9	60,0	43,7
Muras	98	103	201	217	141	358	45,2	73,0	56,1
Navia de Suarna	255	129	384	444	202	646	57,4	63,9	59,4
Nogais (As)	195	107	302	394	173	567	49,5	61,8	53,3
Ouro	102	137	239	264	185	449	38,6	74,1	53,2
Palas de Rei	495	353	848	848	520	1.368	58,4	67,9	62,0
Pantón	180	213	393	495	329	824	36,4	64,7	47,7
Paradela	341	227	568	602	333	935	56,6	68,2	60,7
Páramo (O)	261	214	475	432	286	718	60,4	74,8	66,2
Pastoriza (A)	577	576	1.153	928	678	1.606	62,2	85,0	71,8
Pedrafita do Cebreiro	141	71	212	272	150	422	51,8	47,3	50,2
Pobra de Brollón (A)	221	204	425	503	335	838	43,9	60,9	50,7
Pol	301	248	549	487	345	832	61,8	71,9	66,0
Portomarín	172	152	324	371	246	617	46,4	61,8	52,5
Riotorto	147	182	329	424	265	689	34,7	68,7	47,8
Samos	203	173	376	421	258	679	48,2	67,1	55,4
Saviñao (O)	398	392	790	861	568	1.429	46,2	69,0	55,3
Sober	141	194	335	447	295	742	31,5	65,8	45,1
Taboada	290	357	647	777	541	1.318	37,3	66,0	49,1
Trabada	164	214	378	401	298	699	40,9	71,8	54,1
Xermade	176	237	413	542	322	864	32,5	73,6	47,8
Negreira de Muñiz	25	18	43	49	29	78	51,0	62,1	55,1
Triacastela	94	54	148	175	85	260	53,7	63,5	56,9
Ribeira de Piquín	139	81	220	213	105	318	65,3	77,1	69,2
<b>Ourense</b>									
Avión	463	394	857	622	445	1.067	74,4	88,5	80,3
Baltar	85	34	119	202	73	275	42,1	46,6	43,3
Beariz	174	144	318	364	183	547	47,8	78,7	58,1
Biancos (Os)	119	15	134	251	40	291	47,4	37,5	46,0
Boborás	390	476	866	737	598	1.335	52,9	79,6	64,9
Bola (A)	99	99	198	261	148	409	37,9	66,9	48,4
Calvos de Randín	118	13	131	216	36	252	54,6	36,1	52,0
Carballeda de Avia	98	165	263	324	225	549	30,2	73,3	47,9
Castro de Miño	228	68	296	419	134	553	54,4	50,7	53,5
Gomesende	98	170	268	244	206	450	40,2	82,5	59,6
Irixe (O)	99	220	319	348	322	670	28,4	68,3	47,6
Lobeira	76	88	164	234	142	376	32,5	62,0	43,6
Montederramo	142	148	290	282	207	489	50,4	71,5	59,3
Porqueira	63	55	118	163	96	259	38,7	57,3	45,6
Quintela de Leirado	99	23	122	180	46	226	55,0	50,0	54,0
Rairiz de Veiga	107	86	193	312	157	469	34,3	54,8	41,2
San Amaro	103	88	191	305	162	467	33,8	54,3	40,9
San Xoán de Río	50	67	117	146	104	250	34,2	64,4	46,8
Sarreus	99	95	194	315	160	475	31,4	59,4	40,8
Vilar de Barrio	243	27	270	460	70	530	52,8	38,6	50,9
Beade	93	16	109	128	35	163	72,7	45,7	66,9
Teixeira (A)	40	37	77	97	64	161	41,2	57,8	47,8
Chandrexa de Queixa	90	47	137	193	84	277	46,6	56,0	49,5
<b>Pontevedra</b>									
Dozón	379	234	613	683	379	1.062	55,5	61,7	57,7
Rodeiro	752	488	1.240	1.083	622	1.705	69,4	78,5	72,7
Silleda	702	726	1.428	2.104	1.329	3.433	33,4	54,6	41,6

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Padrón municipal de habitantes 1996

2.17.

Taxa de paro no subsector agrogandeiro e forestal 2002 e 1997-2001

	97/01 (en puntos porcentuais)	2002 (%)
<b>A Coruña</b>		
Total provincial	-4,1	12,8
Subsector agrogand. e forestal	0,4	2,3
<b>Lugo</b>		
Total provincial	-3,6	9,2
Subsector agrogand. e forestal	-0,2	1,4
<b>Ourense</b>		
Total provincial	-4,8	8,5
Subsector agrogand. e forestal	-2,3	4,8
<b>Pontevedra</b>		
Total provincial	-5,7	13,7
Subsector agrogand. e forestal	0,7	3,3
<b>Total</b>		
Total provincial	-4,6	12,2
Subsector agrogand. e forestal	-0,1	2,6

(1) Os datos do ano 2002 corresponden ós datos da EPA segundo a nova metodoloxía 2002, mentres que a variación 1997-2001 está calculada a partir dos datos da antiga metodoloxía.  
Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa*

norma xeral, a importancia relativa da poboación ocupada feminina no subsector agrogandeiro e forestal é superior á rexistrada no caso dos homes.

No concernente á **poboación parada**, o **cadro 2.10.** reflicte que no ano 2002 o número de persoas desempregadas ascendeu a 3,0 miles de persoas, o que representa o 2% das persoas paradas en Galicia nese ano. No período 1997-2001, o número de desempregados no subsector primario (agás pesca) descendeu 31,2%, rexistrándose unha caída da súa importancia relativa no total de persoas paradas en Galicia, de 0,2 puntos porcentuais.

A taxa de paro no sector primario (agás pesca) foi no ano 2002 do 2,6%. Atendendo á súa distribución provincial, o **cadro 2.17.** reflicte que Ourense é a provincia coa taxa de paro máis elevada, co 4,8%, seguida de Pontevedra, co 3,3%. Atendendo á evolución rexistrada entre os anos 1997 e 2001, a taxa de desemprego descende nas provincias de Ourense e Lugo (2,3 e 0,2 puntos porcentuais, respectivamente), mentres que medra en Pontevedra e A Coruña (0,7 e 0,4 puntos porcentuais).

Segundo os datos do *Censo Agrario 1999*, o factor traballo caracterízase pola forte concentra-

ción do volume de traballo en dúas comunidades autónomas, Andalucía e Galicia, co 24,4% e 16,5% do volume total, respectivamente. O **cadro 2.18.** amosa a composición do traballo segundo comunidades autónomas e reflicte a importante diferenza entre volume de traballo total entre traballo familiar e traballo asalariado. Dunha banda, Galicia é a comunidade autónoma co maior volume de traballo familiar, ó acolle-lo 23,3% do volume total estatal, mentres que tan só acolle o 2,4% do volume de traballo asalariado. Doutra banda, en Galicia o volume de traballo familiar representa o 95,3% do volume de traballo total galego (67,6% de media en España), sendo a comunidade co peso relativo máis elevado.

Centrándonos no caso do traballo familiar, o devandito **cadro 2.18.** reflicte que a meirande parte do mesmo é realizado polos titulares das explotacións. Das 183.343 unidades de traballo familiar ano, 104.902 unidades de traballo son realizadas polos titulares das explotacións (o 20,5% do total estatal), fronte ós 47.084 unidades de traballo realizadas polos cónxuxes (o 34% do total estatal) e as 31.357 realizadas por outros membros da familia (o 23,2%).

No caso do traballo asalariado, o número de unidades de traballo ano ascendeu a 9.035, sendo

## Distribución do traballo agrario 1999: distribución segundo tipo e comunidade autónoma

	Total	Traballo familiar			Traballo asalariado			
		Total	Títular	Cónxuxe	Outros	Total	Fixo	Eventual
								(UTA)
Andalucía	283.926	135.105	84.271	22.788	28.046	148.821	29.908	118.914
Aragón	44.372	32.745	25.456	3.248	4.040	11.627	7.663	3.964
Asturias	39.746	37.707	23.835	8.065	5.808	2.038	1.732	306
Baleares	13.153	9.862	6.529	2.087	1.246	3.292	2.427	865
Canarias	46.459	21.804	13.085	4.377	4.342	24.655	17.141	7.514
Cantabria	16.671	14.887	9.900	2.770	2.217	1.783	1.591	192
Castela e León	95.219	77.045	58.234	10.293	8.518	18.174	14.083	4.091
Castela-A Mancha	89.872	56.792	38.408	7.293	11.091	33.080	16.865	16.215
Cataluña	74.004	50.988	34.196	8.221	8.571	23.016	14.705	8.311
C. Valenciana	83.586	56.160	39.482	7.193	9.484	27.426	8.156	19.270
Extremadura	66.448	40.167	28.818	5.154	6.195	26.281	8.511	17.770
<b>Galicia</b>	<b>192.378</b>	<b>183.343</b>	<b>104.902</b>	<b>47.084</b>	<b>31.357</b>	<b>9.035</b>	<b>5.270</b>	<b>3.766</b>
A Coruña	63.901	61.323	34.919	15.252	11.152	2.578	1.794	783
Lugo	50.400	48.333	27.111	12.053	9.169	2.067	1.365	702
Ourense	32.603	30.824	18.710	8.473	3.641	1.778	984	795
Pontevedra	45.475	42.862	24.162	11.305	7.395	2.613	1.127	1.486
Madrid	7.622	4.437	3.159	432	846	3.185	2.301	884
Murcia	53.202	19.450	13.043	2.686	3.721	33.753	5.967	27.786
Navarra	16.037	11.533	8.448	1.044	2.041	4.503	2.752	1.752
País Vasco	28.062	25.117	14.533	4.684	5.901	2.944	2.268	676
A Ríoxa	12.718	9.360	6.504	912	1.944	3.358	2.149	1.209
Ceuta	6	6	4	-	2	-	-	-
Melilla	9	4	2	-	1	5	3	2
<b>Total</b>	<b>1.163.488</b>	<b>786.511</b>	<b>512.809</b>	<b>138.331</b>	<b>135.371</b>	<b>376.977</b>	<b>143.493</b>	<b>233.485</b>
<b>Galicia / España (%)</b>	<b>16,5</b>	<b>23,3</b>	<b>20,5</b>	<b>34,0</b>	<b>23,2</b>	<b>2,4</b>	<b>3,7</b>	<b>1,6</b>

Fonte: INE, Censo Agrario 1999

a décima comunidade, por diante de Navarra, A Ríoxa, Baleares, Madrid, País Vasco, Cantabria e Asturias. Desas 9.035 unidades de volume de traballo asalariado, 5.270 corresponden ó traballo asalariado fixo (o 3,7% do total estatal) e 3.766 unidade ó traballo asalariado eventual (o 1,6%).

Comparado cos datos do Censo de 1989, cómpre salientar que o volume de traballo total en Galicia e o volume de traballo familiar, medidos a través do número de unidades de traballo ano, rexistran unha caída lixeiramente superior ó 25%, acadando as 257.645 e 250.772 unidades de traballo ano, respectivamente.

Pola contra, o volume de traballo asalariado incrementouse dende as 6.873 UTA ata as 9.035 UTA do ano 1999. Esta medra do volume de emprego asalariado rexístrase por mor da evolución do emprego asalariado fixo, que medrou dende as 2.772 UTA ata as 5.270 UTA de 1999, e que compensa o lixeiro descenso do emprego asalariado eventual (descende un 8,2%, pasando dos 4.101 ós 3.766 UTA de 1999).

En relación ó **asociacionismo agrario**, o número de cooperativas con actividade agraria no ano 2001 ascendeu en España a 3.926 entidades,

das que o 5,0% (198 entidades) están localizadas en Galicia. O número de socios rexistrados nas cooperativas agrarias galegas foi de 48.408 agricultores e gandeiros (o 4,9% do total estatal) o que implica unha media de 244 socios por cooperativa, fronte ós 249 no conxunto de España. As cooperativas agrarias facturaron no devandito exercicio un total de 1.148 millóns de euros, o que representa o 9,6% do total estatal.

Xunto a estas cooperativas hai en Galicia 11 cooperativas de segundo grao que asocian a 229 cooperativas de base, sendo a súa facturación de 1.038,6 millóns de euros. A cooperativa de segundo grao media agrupa a 21 socios e factura máis de 94,4 millóns de euros (no conxunto do Estado a cooperativa media ten 17 socios e factura 21,6 millóns de euros).

### A mecanización na explotación agraria

O **cadro 2.19.** reflicte que a 31 de decembro do ano 2000 existían en Galicia un total de 217.553 tractores, 67.685 motocultores e 851 colleitadoras. Comparado co mesmo período do ano anterior, rexístrase unha medra dos diferentes tipos de maquinaria, sendo do 2,4% no caso das

2.19.

Inscripción de maquinaria 1999-2000: distribución segundo tipo

	Existencias 31 /12/1999			Existencias 31 /12/2000		
	Tractores	Motocultores	Colleitoras	Tractores	Motocultores	Colleitoras
<b>Galicia</b>	124.703	66.984	831	127.553	67.685	851
A Coruña	43.649	16.097	217	44.760	16.226	223
Lugo	42.386	27.161	409	43.449	27.204	421
Ourense	16.918	8.584	143	17.018	8.600	145
Pontevedra	21.750	15.142	62	22.326	15.655	62

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria

2.20.

Distribución xeral de terras 2000 e variación 1995-200

	2000				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en Ha.)				
<b>Total superficie cultivada</b>	131.013	124.103	43.297	49.236	347.649
Cultivos herbáceos	120.159	114.747	29.546	30.726	295.178
Cultivos leñosos	6.185	4.960	10.512	15.542	37.199
Outras terras de cultivo	4.669	4.396	3.239	2.968	15.272
<b>Total prados e pasteiros</b>	81.119	149.071	69.709	45.710	345.609
<b>Total superficie forestal</b>	473.225	640.416	544.710	294.594	1.952.945
Caducifolias	54.314	155.650	130.151	51.164	391.279
Eucalipto	183.373	75.204	2.592	69.866	331.035
Piñeiro	121.916	140.444	90.264	65.694	418.318
Mato arborado	28.486	81.988	92.361	27.412	230.247
Mato	47.171	135.627	113.495	36.173	332.466
Mato pasteiro	37.965	51.503	115.847	44.285	249.600
Outras superficies	111.568	73.534	70.463	61.576	317.141
Dobres cultivos	1.638	1.880	837	1.576	5.931
<b>Superficie total</b>	<b>795.287</b>	<b>985.244</b>	<b>727.342</b>	<b>449.540</b>	<b>2.957.413</b>

Variación 1995-00

	Variación 1995-00				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en %)				
<b>Total superficie cultivada</b>	-32,2	-18,5	-56,0	-47,3	-35,3
<b>Total prados e pasteiros</b>	0,7	-12,6	-29,4	99,7	-7,3
<b>Total superficie forestal</b>	5,1	5,7	12,9	5,4	7,4
<b>Outras superficies</b>	59,2	38,2	44,1	18,3	41,5

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria

colleitoras (20 colleitoras máis), do 2,3% no caso dos tractores (2.850 máis) e do 1,0% no caso do motocultores (701 motocultores máis).


Atendendo á distribución provincial, o devandito cadro amosa que A Coruña e Lugo son as provincias que acollen o maior número de unidades de maquinaria agraria, ó acolle-lo 67,5% das unidades. No caso das colleitoras, esta porcentaxe ascende ó 75,7%, sendo do 69,2% no caso dos tractores e do 64,2% no caso dos motocultores.

No concernente á mecanización nas explotacións agrarias, cómpre facer referencia á compra de maquinaria agrícola en común. No período 1999-2002, un total de 91 entidades asociativas

agrarias fixeron investimentos e solicitaron axudas para maquinaria agrícola, das que 36 son cooperativas agrarias que prestan o servizo de maquinaria ós seus socios, 28 son SATs para o servizo de maquinaria, e 27 entidades son cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMAS). O volume total de investimento destas entidades ascendeu a 11,1 millóns de euros, sendo o importe das axudas concedidas pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, de 3,7 millóns de euros.

### Distribución xeral do solo segundo usos e aproveitamentos

Do total da superficie xeográfica galega (2.957,4 miles de hectáreas), **cadro 2.20.**, un 66%



corresponde á superficie forestal, en tanto que a superficie cultivada acada o 11,8%, e a prados e pasteiros o 11,7%.

O devandito cadro reflicte que a importancia relativa do terreo forestal na provincia de Ourense, xa que o 74,9% da súa superficie está dedicada a terreo forestal, sendo do 65% nos casos de Pontevedra e Lugo. Comparado coa distribución no conxunto de Galicia, pódese salientar que en A Coruña o peso relativo na superficie total provincial da superficie dedicada a terras de cultivo é superior á media galega. No caso dos prados e pasteiros, tan só Lugo presenta unha distribución porcentual superior á media galega.

Comparado cos datos do ano 1995, cómpre salienta-la redución de superficie cultivada (-35,3%) e da superficie dedicada á prados e pasteiros (-7,3%), fronte ó incremento da superficie forestal (7,4%) e de “outras superficies” (41,5%).

Atendendo á distribución provincial, a caída da superficie cultivada rexístrase nas catro provincias galegas, mentres que no caso dos prados e pasteiros, o descenso prodúcese en Lugo e Ourense. En termos relativos, cómpre salientar, dunha banda, o descenso da superficie cultivada en Ourense e Pontevedra, cun 56,0% e 47,3% menos; doutra banda, a superficie dedicada a prados e pasteiros na provincia de Pontevedra duplícase no período considerado.

### Estructura das explotacións agrarias

A análise da estrutura das explotacións agrarias está dividida en tres grandes bloques nos que se estudia, dunha banda, a estrutura parcelaria galega, doutra, a estrutura das explotacións agrícolas e gandeiras e, finalmente, preséntanse os datos da superficie forestada e dos programas de forestación de terras agrarias.

A **estructura parcelaria galega** caracterízase polo seu elevado minifundismo, o que condiciona a viabilidade e rendibiliade económica das explotacións agrarias. Para facer fronte a este minifundismo, no ano 1954 iniciáronse os traba-

llos de concentración parcelaria. Entre 1954 e 1990, realizouse a concentración en 523 zonas, sendo a súa extensión de terreos concentrados de 194.952 hectáreas e afectando a 184.752 propietarios. O período comprendido entre 1990 e 2002 supuxo a finalización aproximadamente de 385.000 hectáreas de superficie, e afecta a unhas 780 zonas e a 340.000 propietarios.

Tal e como se recolle no libro *Concentración parcelaria en Galicia. Caracterización e avaliación*, editado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria (2001), Galicia é a comunidade autónoma coa densidade de parcelas máis elevada, con 4,75 parcelas por hectárea (séguelle Asturias, con 1,72 hectáreas). Asemade, o **cadro 2.21**. reflicte que Galicia ocupa a primeira posición no caso do número de parcelas por propietario, con 8,34 parcelas, seguida de Castela-León e Asturias, con 6,36 e 6,13 parcelas por propietario.

Estas dúas variables sintetízanse no indicador do tamaño medio da explotación. Galicia presenta unha reducida superficie media por propietario, con 1,75 hectáreas por propietario, o que a sitúa como a comunidade autónoma co valor medio máis reducido (séguelle a C. Valenciana, con 2,83 hectáreas). Isto indica a elevada fragmentación do parcelario e o alto grado de dispersión da propiedade, o que pon de manifesto que nos atopamos ante un tamaño das explotacións que non é axeitado para levar a cabo un aproveitamento racional e economicamente viable.

Centrándonos no caso galego, atendendo á densidade parcelaria cómpre salienta-lo contraste existente entre o interior e as zonas de montaña, que presentan unha estrutura do parcelario máis racional, e as zonas do val e do litoral, que inicialmente presentan máis dificultades. Dentro destas últimas, cómpre diferenciar dúas áreas que englobarían, dunha banda, as rías de Noia, Vilagarcía, Pontevedra e Vigo, e doutra, as comarcas de Celanova, Allariz, Ourense, O Ribeiro e O Carballiño, conectadas polo río Miño.

Respecto á distribución espacial da variable parcelas por propietario, poden distinguirse tres

2.21.

**Estructura da propiedade nas comunidades autónomas españolas  
1995**

	Densidade de parcelas (parcelas/ha.)	Parcelas por propietario	Superficie por propietario (en ha.)
Andalucía	0,30	2,86	9,52
Aragón	0,55	5,94	10,75
Canarias	1,02	3,07	3,00
Cantabria	1,18	5,24	4,44
Castela e León	1,17	6,36	5,43
Castela-A Mancha	0,59	5,26	8,85
Cataluña	0,41	3,41	8,26
Madrid	0,58	4,20	7,19
Navarra	0,59	5,27	8,93
C. Valenciana	1,00	2,83	2,83
Extremadura	0,29	3,71	12,66
<b>Galicia</b>	<b>4,77</b>	<b>8,34</b>	<b>1,75</b>
Baleares	0,52	2,06	3,98
A Rioxa	1,56	5,34	3,42
País Vasco	0,59	5,27	8,93
Asturias	1,72	6,13	3,57
Murcia	0,40	2,63	6,58

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, *Concentración parcelaria en Galicia*

bandas alternantes entre valores altos e baixos. Unha primeira banda, que abarca case todo o litoral, dende Ortegá ata o Miño, presenta valores inferiores á media de Galicia, salientando dúas zonas de maior intensidade nas Rías Baixas (beira sur da ría de Vigo e a ría de Vilagarcía) e no golfo Ártabro. Aquí chéganse a atopar valores mínimos dunha parcela por propietario.

A segunda, cun número elevado de parcelas por propietario, esténdese desde a Serra de Coriscada –ó norte– ata a Serra de Faro de Avión, acadando valores que superan as 22 parcelas por propietario.

A terceira banda, con valores inferiores á media, esténdese dende o litoral lucense ata A Limia, rexistrándose os valores máis baixos na costa. Finalmente, con valores altos, a última banda está localizada nas serras orientais e meridionais, onde practicamente enlaza coa segunda da áreas.

Finalmente, no caso da superficie media por propietario, a distribución municipal é máis homoxénea, cun rango de variación máis curto que a distribución. A superficie por debaixo da media representa o 54,8% da superficie galega. A provincia de Lugo, a dorsal central, as estribacións meridionais e a cunca do Xallas forman un espacio case compacto con valores máis altos,

que superan as 9 hectáreas por propietario nas serras orientais e no sueste.

Pola contra, a zona con explotacións de menor dimensión está formada pola depresión de Ourense, a provincia de Pontevedra e os litorais de A Coruña e Lugo, o que amosa unha elevada relación coa distribución das zonas de menor número de parcelas por propietario.

No concernente ó Estado da concentración parcelaria en Galicia, o devandito libro reflicte que a superficie onde se rematou alomenos un proceso de concentración parcelaria en marzo de 1999 ascendeu a 308.142 hectáreas (+5%), e afecta a 147 concellos (46,7%) e 765 parroquias (20,3%). A superficie en actuación era de 190.025 ha (+5%), e afecta a 182 municipios (57,8%) e 237 parroquias (6,3%). Asemade, amosa que a superficie afectada a escala parroquial é de 626.480 hectáreas.

Atendendo ó número de actuacións, o **cadro 2.22.** reflicte que A Coruña é a que rexistra o maior número de concentracións rematadas, con 432 (o 56,5% das efectuadas en Galicia). Séguenlle Pontevedra e Lugo, con 117 e 116 actuacións, respectivamente, e Ourense, con 100 concentracións rematadas.

Con respecto ó número de zonas de concen-

2.22.

## Parroquias afectadas pola concentración parcelaria 1999

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Concentración rematada	432	116	100	117	765
Concentración en actuación	84	77	34	42	237
Sen concentración	407	1.077	772	504	2.760

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Concentración parcelaria en Galicia

2.23.

## Principais resultados do censo agrario 1999

	España	Galicia	G/E (%)
Número de Explotacións	1.790.162	270.053	15,1
Superficie total censada (ST)	42.180.950	2.041.798	4,8
Tierras labradas (TL)	16.920.360	258.878	1,5
Herbáceos y barbechos	12.399.723	228.493	1,8
Frutales	1.151.968	12.373	1,1
Olivar	2.273.589	23	0,0
Viñedo	1.035.347	17.831	1,7
Otros leñosos	59.733	160	0,3
Pastos permanentes	9.396.427	437.812	4,7
Outras terras	15.864.163	1.345.108	8,5
Erial, espartizal e matorral	6.118.308	676.750	11,1
especies arbóreas forestais	8.418.191	605.161	7,2
Superficie agrícola utilizada (SAU)	26.316.787	696.690	2,6
Ganadería (núm. cabezas)			
Bovinos	6.360.827	1.084.912	17,1
Ovinos	20.989.148	335.348	1,6
Caprinos	2.743.149	48.532	1,8
Porcinos	22.079.591	1.239.797	5,6
Aves (miles)	182.446	20.144	11,0
Unidades de traballo año (UTA) (1)			
Totales	1.188.894	193.561	16,3
Familiar	805.260	184.134	22,9
No familiar	383.634	9.428	2,5
Indicadores estruturales			
ST/Explot.	23,6	7,6	
SAU/Explot.	14,7	2,6	
SAU/ST (%)	62,4	34,1	
TL/SAU (%)	64,3	37,2	
UTA/Explot	0,7	0,7	

(1) Equivale ó traballo que realiza unha persoa a tempo completo ó longo dun ano (1 UTA = 228 xornadas)  
Fonte: INE, Censo agrario 1999

tración e superficie afectada salientan a banda Xallas-A Barcala-Santiago-O Sar-Tabeirós Terra de Montes-Deza-Arzúa-Betanzos; Pastoriza e Ribadeo-Trabada na provincia de Lugo; e en Ourense, A Limia e Celanova. Ordes e A Estrada teñen o maior número de zonas en actuación, sendo este último concello o que rexistra o maior número absoluto de zonas rematadas (41).

No concernente á **estrutura das explotacións agrarias**, o *Censo agrario 1999*, realizado en coordinación co resto dos países da UE, reflicte que o número de explotacións agrarias ascen-

deu en Galicia a 270.053 (o 15,1% do número total de explotacións estatais), o que a sitúa como unha das comunidades coas explotacións de menor extensión media, con 7,6 hectáreas (tan só supera a Valencia, con 7,4 ha.), fronte ás 23,6 hectáreas no conxunto do Estado (**cadro 2.23.**).

A superficie agrícola utilizada media por explotación foi de 2,6 hectáreas fronte ás 14,7 hectáreas no conxunto do Estado, sendo a segunda comunidade con menor extensión media, por diante de Canarias, con 2,1 hectáreas. Con respecto á utilización do solo, a comunidade galega

2.24.

Explotacións agrarias 1999: distribución segundo a personalidade xurídica do titular

	Total	Persoa física	Sociedade mercantil	Entidade pública	Cooperativa de produción	Sociedade agraria de transformación (SAT)	Outra condición xurídica
<b>Galicia</b>	270.053	263.034	392	953	117	243	5.314
A Coruña	80.947	79.607	136	227	27	103	847
Lugo	54.208	52.426	89	287	24	85	1.297
Ourense	65.124	62.458	40	388	62	15	2.161
Pontevedra	69.774	68.543	127	51	4	40	1.009
<b>España</b>	1.790.162	1.720.578	17.324	14.628	2.023	3.734	31.875
<b>Galicia/España (%)</b>	15,1	15,3	2,3	6,5	5,8	6,5	16,7

Fonte: INE, Censo agrario 1999

dedica máis do 60% do seu solo ós pastos (a relación TL/SAU é de 37,2%) fronte ó 35% dedicado no conxunto do Estado, sendo a cuarta comunidade coa menor relación TL/SAU, superando tan só a Cantabria (2,3%), Asturias (5,8%), Ceuta (6,2%) e o País Vasco (32,8%).

A provincia de Lugo é a que presenta unha maior SAU media por explotación, con 5,4 hectáreas, fronte ás 1,2 hectáreas da provincia de Pontevedra. En relación á utilización do solo, Pontevedra é a que dedica unha menor proporción da SAU a pastos, 51,8%, mentres que na provincia de A Coruña esta porcentaxe acada o 68,1%.

O censo agrario de 1999 reflicte que das 2.041.798 hectáreas censadas en Galicia, a superficie agraria utilizadas ascendeu a 696.690 hectáreas (o 34,1%). Destas, un total de 258.878 hectáreas corresponden ás terras labradas e o resto a terras para pastos. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 2,6% da SAU, sendo do 1,5% no caso da superficie de terras labradas e do 4,7% no de terras para pastos permanentes (**cadro 2.23.**).

En termos absolutos a provincia de Lugo é a que presenta unha maior superficie agraria utilizada, con 294.200 hectáreas, seguida de A Coruña, con 201.266 hectáreas. En termos relativos, o peso da superficie agraria utilizada no total da superficie censada foi do 41,4% na provincia de Lugo e do 39,5% no de A Coruña, en tanto que en Pontevedra e Ourense, estas porcentaxes ascenderon a 26,6% e 23,3%, respectivamente.

Atendendo á personalidade xurídica do titular da explotación, o **cadro 2.24.** reflicte que en Galicia, ó igual que no conxunto do Estado, o titular da explotación é, nun 97% das ocasións, unha persoa física. Das 270.053 explotacións agrarias galegas censadas en 1999 en 263.034 explotacións o titular é unha persoa física (o 15,3% do total estatal).

No concernente ás outras formas de personalidade xurídica, o devandito cadro amosa que a reducida importancia relativa no total estatal da forma xurídica “sociedade mercantil”, co 2,3% (392 explotacións), fronte ó 5,8% (117 explotacións) no caso das cooperativas de produción ou o 6,5% no caso das entidades públicas ou SAT (953 e 243 explotacións, respectivamente).

En relación ó aproveitamento das terras labradas, o **cadro 2.25.** reflicte a existencia en Galicia dun claro predominio dos cultivos herbáceos xa que case un 60% das explotacións dedícanse a estes cultivos, ocupando o 88% da superficie labrada. No conxunto do Estado este predominio non é tan acusado, sendo estas porcentaxes do 36,5% e 73,3%, respectivamente.

Outros aspectos característicos do aproveitamento da terras galegas en comparación co Estado son a maior importancia relativa dos viñedos (o 23,6% das explotacións e o 6,9% da superficie total de terras labradas, fronte ó 14% e 6,1%, respectivamente), e a nula presenza do olivar en Galicia cando no Estado representa case a cuarta parte das explotacións e o 13% da superficie labrada estatal.

2.25.

## Aproveitamento das terras labradas 1999

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
<b>Herbáceos</b>						
Explotacións	202.767	61.848	42.746	44.911	53.262	890.094
Hectáreas	228.493	61.904	102.793	33.318	30.477	12.399.723
Hectáreas / explot.	1,1	1,0	2,4	0,7	0,6	13,9
<b>Frutais</b>						
Explotacións	65.240	10.111	16.664	23.370	15.095	565.018
Hectáreas	12.373	1.320	3.561	5.855	1.637	1.151.968
Hectáreas / explot.	0,2	0,1	0,2	0,3	0,1	2,0
<b>Olivar</b>						
Explotacións	236	7	116	107	6	602.249
Hectáreas	23	2	15	5	1	2.273.589
Hectáreas / explot.	0,1	0,2	0,1	0,0	0,2	3,8
<b>Viñedo</b>						
Explotacións	83.030	8.318	5.910	29.253	39.549	342.096
Hectáreas	17.831	928	1.815	8.257	6.830	1.035.347
Hectáreas / explot.	0,2	0,1	0,3	0,3	0,2	3,0
<b>Outras terras labradas</b>						
Explotacións	1.072	33	23	632	384	40.155
Hectáreas	160	30	43	55	32	59.733
Hectáreas / explot.	0,1	0,9	1,9	0,1	0,1	1,5

Fonte: INE, Censo agrario 1999

2.26.

## Cabezas de gando e número de explotacións en Galicia e España 1999

	España	Galicia	G/E (%)
<b>Bovinos</b>			
Explotacións	196.640	79.630	40,5
Cabezas	6.360.827	1.084.912	17,1
Cabezas/expl.	32,3	13,6	
<b>Ovinos</b>			
Explotacións	122.196	37.098	30,4
Cabezas	20.989.148	335.348	1,6
Cabezas/expl.	171,8	9,0	
<b>Porcinos</b>			
Explotacións	218.110	109.010	50,0
Cabezas	22.079.591	1.239.797	5,6
Cabezas/expl.	101,2	11,4	
<b>Aves</b>			
Explotacións	329.020	164.125	49,9
Cabezas	182.446.364	20.143.658	11,0
Cabezas/expl.	554,5	122,7	
<b>Caprinos</b>			
Explotacións	60.752	8.036	13,2
Cabezas	2.743.149	48.532	1,8
Cabezas/expl.	45,2	6,0	

Fonte: INE, Censo agrario 1999

Atendendo ó tamaño medio das explotacións, o devandito **cadro 2.25.** reflicte a reducida extensión das explotacións galegas en comparación coa media estatal. Neste senso, no caso das terras dedicadas ós cultivos herbáceos, a extensión media das explotacións galegas ascende a 1,1 hectáreas fronte ás 13,9 hectáreas no conxunto do Estado. No caso dos viñedos, a extensión media en Galicia foi de 0,2 hectáreas por explotación fronte ás 3,0 hectáreas en España.

No concernente ás **explotacións gandeiras**, a partires do Censo Agrario 1999, o **cadro 2.23.**

reflicte o número de cabezas e explotacións gandeiras en Galicia e a súa comparación co total estatal. A meirande parte das explotacións corresponden ás explotacións de aves e de gando porcino, que acollen a metade das explotacións deste tipo existentes no conxunto do Estado. No caso do gando bovino, estas explotacións representan o 40% das explotacións españolas.

No caso das cabezas de gando, as 1.084.912 reses de gando bovino significan o 17% das reses estatais, sendo esta porcentaxe do 11% no caso das aves. Pola contra, a importancia relativa do

2.27.

Explotacións con vacas 1995 e 2000

	1995	2000	00/95
			(%)
<b>Explotacións con vacas:</b>			
nº de explotacións	92.492	75.910	-17,9
nº de vacas	630.810	709.492	12,5
nº medio de vacas por explotación	6,8	9,3	
	( en Ha. )		
superficie total:	795.521	898.081	12,9
superficie de prados e cultivos:	476.464	585.105	22,8
superficie forraxeira:	436.467	538.903	23,5
superficie media por explotación:	8,6	11,8	
	(%)		
<b>Explotacións con:</b>			
subministración eléctrica regular ou suficiente	90,9	93,9	
acceso rodado suficiente	88,7	97,0	
teléfono	79,6	88,0	
tractor	67,3	78,0	
autocargador	19,0	25,5	
empacadora	19,1	20,7	
nº de explotacións con investimentos no ano	24.895	16.452	
	( en miles de € )		
<b>Investimentos en:</b>			
terras	20.488,5	17.513,5	-14,5
construcións	37.557,2	56.747,6	51,1
gando	44.000,1	14.634,6	-66,7
equipos de muxidura	4.651,8	10.728,1	130,6
sistemas de refrixeración do leite	2.446,1	2.362,0	-3,4
tractor	48.718,0	41.596,0	-14,6
outra maquinaria	35.483,8	35.543,9	0,2
cota láctea	10.890,3	29.233,2	168,4
<b>Traballo familiar ( persoas de 16 anos ou máis):</b>	294.588	248.490	-15,6
titulares de explotación	91.686	74.966	-18,2
resto	202.902	118.574	-41,6
	(%)		
titulares de 16 a 44 anos	22,7	27,0	
titulares de 45 a 64 anos	58,4	52,0	
titulares de 65 anos ou máis	18,9	21,0	

Fonte: IGE, Enquisa de bovino

2.28.

Explotacións de leite 1995 e 2000

	1995	2000	00/95
			(%)
<b>Explotacións leiteiras:</b>			
nº de explotacións con vacas de muxidura	58.777	33.041	-43,8
nº de vacas de muxidura	447.067	446.257	-0,2
nº de vacas que non se moxen	42.968	41.455	-3,5
total vacas	490.035	487.711	-0,5
nº medio de vacas de muxidura por explotación	7,6	13,5	77,5
nº de vacas frisonas	397.862	427.635	7,5
	(%)		
<b>Explotacións leiteiras:</b>			
que recrían xovencas	73,8	77,3	
con muxidura mecánica	63,8	80,0	
con sistema de refrixeración do leite	52,5	74,6	
que usan deterxentes na limpeza dos equipos	59,6	71,3	
que desinfectan as ubres	53,2	65,7	
que tratan preventivamente a mamite	46,1	62,2	
	(%)		
<b>Vacas de muxidura en explotacións con</b>			
muxidura mecánica	89,8	97,5	
sistema de refrixeración do leite	84,8	96,0	
	(%)		
<b>Leite producido en explotacións con:</b>			
muxidura mecánica	97,2	99,6	
tanque de refrixeración	93,6	98,8	
miles de litros de leite producido (1)	483.396	505.282	4,5
	(%)		
<b>Leite producido destinado á:</b>			
alimentación dos becerros	5,3	2,9	
elaboración de queixo	0,9	0,7	
autoconsumo familiar	2,5	1,3	
venda directa	0,4	-	
entrega á industria transformadora	90,8	95,1	

(1) de setembro a novembro de cada ano

Fonte: IGE, Enquisa de bovino

## Explotacións de leite 1995-2000: distribución segundo tamaño

Vacas por explotación	Explotacións		Vacas de leite		Leite producido (1)	
		(%)		(%)		(%)
<b>1 a 2</b>	6.639	20,1	8.858	2,0	3.209	0,6
<b>3 a 4</b>	3.331	10,1	11.633	2,6	7.392	1,5
<b>5 a 9</b>	6.367	19,3	43.674	9,8	37.818	7,5
<b>10 a 19</b>	8.649	26,2	118.794	26,6	122.710	24,3
<b>20 a 29</b>	4.236	12,8	100.606	22,5	117.354	23,2
<b>30 a 49</b>	3.101	9,4	111.329	24,9	143.185	28,3
<b>&gt;= 50</b>	718	2,2	51.363	11,5	73.615	14,6
<b>Total</b>	<b>33.041</b>	<b>100</b>	<b>446.257</b>	<b>100</b>	<b>505.283</b>	<b>13,5</b>
<b>1995</b>						
<b>1 a 2</b>	20.358	34,6	27.049	6,1	13.422	2,8
<b>3 a 4</b>	9.693	16,5	34.328	7,7	21.337	4,4
<b>5 a 9</b>	12.998	22,1	92.785	20,8	95.549	19,8
<b>10 a 19</b>	10.031	17,1	136.620	30,6	153.312	31,7
<b>20 a 29</b>	3.675	6,3	79.217	17,7	97.001	20,1
<b>30 a 49</b>	1.801	3,1	60.793	13,6	78.617	16,3
<b>&gt;= 50</b>	221	0,4	16.275	3,6	24.159	5,0
<b>Total</b>	<b>58.777</b>	<b>100</b>	<b>447.067</b>	<b>100</b>	<b>483.397</b>	<b>100</b>

(1) de setembro a novembro de cada ano

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, *Enquisa de bovino*

gando ovino e caprino no total estatal é inferior ó 2%.

Atendendo á relación entre cabezas de gando e número de explotacións, Galicia caracterízase polo seu reducido tamaño das explotacións en comparación co conxunto do Estado. Así, no caso da aves do gando porcino e do bovino, que son os que presentan o maior número de explotacións e número de cabezas de gando, estas porcentaxes ascenden en Galicia a 123, 11 e 14, respectivamente, fronte ás 554, 101 e 32 no conxunto do Estado.

Centrándonos no gando bovino, os **cadros 2.27.** e **2.28.** amosan as principais variables relativas ás explotacións con vacas e ás explotacións leiteiras segundo a *Enquisa de bovino 2000*. O devandito **cadro 2.27.** reflicte que o número total de explotacións con vacas acadou as 75.910 (un 17,9% menos que en 1995), sendo a súa superficie media de 11,8 hectáreas, 3,2 hectáreas máis que no ano 1995. O número total de vacas no ano 2000 foi de 709.492, un 12,5% máis que en 1999, sendo o número medio de vacas por explotación de 9,3 vacas (6,8 vacas no ano 1995).

Das 248.490 persoas de 16 ou máis anos que traballan neste tipo de explotacións, 74.966 per-

soas (un 18,2% menos que en 1995) corresponden a titulares das mesmas. Atendendo á súa desagregación por idades, hai que salientar que case tres cuartas partes dos titulares das explotacións teñen máis de 45 anos.

No caso das **explotacións leiteiras**, o número total de explotacións con vacas de muxidura foi de 33.041, sendo o número medio de vacas de muxidura por explotación de 13,5 vacas. Comparado co ano 1995, no 2000 prodúcese unha caída tanto no caso do número de explotacións como no do número de vacas de muxidura, pasando o número medio de vacas por explotación de 7,6 a 13,5 vacas.

Atendendo á distribución segundo o número de vacas por explotación, o **cadro 2.29.** reflicte o predominio das explotacións entre 10 e 19 vacas, con 8.649 explotacións (o 26,2%) que acollen o 26,6% das vacas e o 24,3% da produción leiteira. Asemade, cómpre salientar que unha quinta parte das explotacións de vacún (6.639 explotacións) teñen unha ou dúas vacas, e acollen o 2% (8.858) do total das vacas galegas e o 0,6% da súa produción leiteira (3.209 litros).

Comparando os datos correspondentes ós ano 1995 e 2000, o devandito cadro amosa o des-

2.30.

Explotacións con vacas 2000 (1): superficie total segundo número de vacas por explotación

Vacas	Superficie total da explotación					Total
	<2,5	2,5 - 5,0	5,0 - 10,0	10,0 - 20,0	>=20,0	
	(en hectáreas)					
<b>1 a 2</b>						
Explotacións	13.545	5.049	3.507	2.377	864	25.341
Vacas	17.562	7.248	4.668	3.467	1.301	34.247
Hectáreas	16.110	16.169	22.698	33.075	34.283	122.336
<b>3 a 4</b>						
Explotacións	1.870	2.873	3.976	1.711	1.337	11.768
Vacas	6.374	9.498	13.899	5.987	4.949	40.707
Hectáreas	2.638	10.285	28.612	22.400	37.032	100.967
<b>5 a 9</b>						
Explotacións	270	2.582	5.664	4.385	1.465	14.368
Vacas	1.768	16.211	37.499	30.479	10.181	96.139
Hectáreas	484	9.798	41.701	59.843	52.705	164.532
<b>10 a 19</b>						
Explotacións	85	526	3.535	5.652	3.608	13.405
Vacas	1.224	7.289	45.360	78.627	50.604	183.103
Hectáreas	142	2.010	26.051	80.887	116.779	225.869
<b>20-29</b>						
Explotacións	-	60	447	2.987	2.686	6.181
Vacas	-	1.247	10.298	69.565	64.792	145.903
Hectáreas	-	207	3.587	43.747	78.627	126.167
<b>30-49</b>						
Explotacións	-	20	95	1.376	2.354	3.844
Vacas	-	637	3.302	48.407	85.688	138.034
Hectáreas	-	68	743	21.062	78.609	100.482
<b>&gt;= 50</b>						
Explotacións	-	-	2	135	866	1.003
Vacas	-	-	147	7.395	63.817	71.360
Hectáreas	-	-	10	2.130	55.588	57.728
<b>Total</b>						
Explotacións	15.770	11.110	17.226	18.623	13.180	75.909
Vacas	26.928	42.130	115.173	243.927	281.332	709.490
Hectáreas	19.374	38.537	123.402	263.144	453.623	898.080

(1) datos a decembro de 2000  
Fonte: IGE, Enquisa de bovino

2.31.

Explotacións con vacas 2000 (1): investimentos segundo tamaño da explotación

	Total		1-9 vacas		10-19 vacas		>=20 vacas	
	Explotacións	Investimento	Explotacións	Investimento	Explotacións	Investimento	Explotacións	Investimento
	(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)	
<b>Maquinaria</b>	8.450	77.135,7	1.610	8.319,8	3.058	25.213,7	3.782	43.602,8
Tractor	2.325	41.593,0	543	5.203,0	811	13.434,4	971	22.956,3
Outra maquinaria	6.125	35.542,7	1.067	3.116,8	2.247	11.779,2	2.811	20.646,6
<b>Equipos do leite</b>	1.373	13.094,3	72	163,5	726	4.537,0	573	8.394,3
Equipos muxidura	926	10.730,5	72	163,5	504	3.798,4	349	6.768,6
Tanque de frío	447	2.363,8	-	-	222	738,6	224	1.625,7
<b>Construcións</b>	2.508	56.747,0	43	256,6	737	10.869,9	1.727	45.620,4
<b>Terras</b>	1.811	17.511,1	841	7.295,7	325	3.476,9	645	6.737,9
<b>Vacas e xovencas</b>	5.565	14.635,8	2.750	3.755,1	1.661	4.512,4	1.155	6.368,3
<b>Cota láctea</b>	3.070	29.233,2	151	181,5	706	4.671,1	2.213	24.380,7
<b>Outros investimentos</b>	121	691,2	-	-	21	19,8	100	671,3
<b>Total</b>	16.452	209.048,2	5.097	22.102,8	4.941	53.300,8	6.415	135.775,8

(1) datos a decembro de 2000  
Fonte: IGE, Enquisa de bovino

## Superficie forestada nas CC.AA. 1996-2001

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	Total
	<i>(en hectáreas)</i>						
Andalucía	26.626	28.935	32.436	20.264	12.215	21.717	142.193
Aragón	391	470	610	25	432	30	1.958
Asturias	-	2.015	1.915	-	2.099	1.746	7.775
Baleares	328	48	391	11	46	45	869
Canarias	-	-	-	-	51	84	135
Cantabria	-	188	347	3	329	241	1.108
Castela A Mancha	14.450	12.372	16.024	10.026	11.713	4.406	68.991
Castela León	18.042	17.096	13.332	4.850	8.595	7.245	69.160
Cataluña	579	240	35	57	95	-	1.006
C.Valenciana	1.250	1.250	1.251	384	-	-	4.135
Extremadura	13.679	10.721	9.558	10.509	11.525	3.627	59.619
<b>Galicia</b>	<b>6.198</b>	<b>5.887</b>	<b>14.151</b>	<b>3.992</b>	<b>12.384</b>	<b>11.631</b>	<b>54.243</b>
Madrid	1.371	625	1.243	-	471	1.025	4.735
Murcia	2.522	-	-	1.924	-	-	4.446
A Ríoxa	216	377	770	61	667	325	2.416
<b>Total</b>	<b>85.652</b>	<b>80.224</b>	<b>92.063</b>	<b>52.106</b>	<b>60.622</b>	<b>52.122</b>	<b>422.789</b>

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

censo do número de explotacións con menos de 20 vacas, así como no número de vacas nestas explotación e o volume de leite producido. No concernente ó número de explotacións, as explotacións con 1 ou dúas vacas descende no ano 2000 en 13.719 explotacións, sendo este descenso en torno ás 6.500 no caso das explotacións con 3 e 4 e entre 5 e 9 vacas.

No concernente ó **investimento** nas explotacións con vacas, o **cadro 2.31.** reflicte que nas 16.452 explotacións con investimentos no ano 2000, investíronse un total de 209 millóns de euros, o que supón un investimento medio de 12.707 euros por explotación. O investimento diríxese fundamentalmente á compra de maquinaria, con 77,1 millóns de euros e a construcións, con 56,7 millóns de euros, sendo o seu investimento medio de 9.128 euros e 22.626 euros, respectivamente.

Atendendo á desagregación do investimento segundo o tamaño das explotacións, o devandito **cadro 2.31.** amosa que nas 5.097 explotacións con menos de dez vacas, o investimento medio ascendeu a 4.336 euros. Os principais destinos do investimento foron a maquinaria, con 8,3 millóns de euros e as terras, con 7,3 millóns de euros.

Nas 4.941 explotacións que acollen entre 10 e 19 vacas, o investimento medio foi de 10.787 euros, sendo os seus principais investimentos os

de maquinaria e construcións, con 25,2 e 10,9 millóns de euros. Nas explotacións con máis de 20 vacas, o investimento medio ascendeu a 21.165 euros, e os principais investimentos foron os de construcións, con 45,6 millóns de euros, e o de maquinaria, con 43,6 millóns de euros.

Un último aspecto a ter en conta á hora de caracteriza-la estrutura das explotacións agrarias é o referente á evolución da superficie forestada. O **cadro 2.32.** reflicte que, entre os anos 1996 e o 2001, a superficie forestada en Galicia ascendeu a 54.243 hectáreas, o que representa o 12,8% do total estatal. Asemade, do devandito cadro dedúcese que a superficie forestada en Galicia entre os anos 2000 e 2001 representa o 44,2% da superficie forestada total no período considerado, fronte ó 26,6% rexistrado no conxunto do Estado.

Nestes programas de forestación de terras agrarias, o gasto público total entre os anos 1996 e 2002 ascendeu en Galicia a 113,1 millóns de euros, dos que o 73,6% son financiados polo FEOGA (83,2 millóns de euros), o 14,9% é financiado pola Comunidade Autónoma (16,9 millóns de euros), e o 11,5% restante (13,0 millóns de euros) é financiado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Comparado co total estatal, o gasto público neste programa representou no período considerado, o 9,6% do gasto total (**cadro 2.33.**).

2.33.

Programa de forestación de terras agrarias nas CC.AA. 1996-2002: distribución do gasto público

	1996		1997		1998		1999		2000		2001		2002							
	MAPA	C.A.	MAPA	C.A.	MAPA	C.A.	MAPA	C.A.	MAPA	C.A.	MAPA	C.A.	MAPA	C.A.						
	(en miles de €)																			
Andalucía	2.337	3.638	4.211	10.861	5.342	17.923	69.794	6.263	9.638	47.703	7.985	7.985	47.908	7.051	7.051	42.305	7.582	7.582	31.905	
Aragón	280	291	413	300	332	286	618	207	60	267	396	396	791	926	926	1.852	577	577	962	
Asturias	300	301	1.804	860	4.092	526	3.094	653	47	1.817	436	436	2.614	139	139	832	-	-	-	
Balears	248	247	495	19	275	79	354	45	240	285	30	30	60	110	110	220	126	126	210	
Canarias	-	-	-	-	-	-	-	2	2	-	6	6	36	16	16	93	75	75	348	
Cantabria	-	-	58	58	83	107	600	106	105	634	79	79	475	62	62	373	110	110	402	
Castela-A Mancha	1.875	1.875	11.250	3.602	17.040	2.141	5.767	23.723	2.331	4.034	19.095	4.277	4.277	25.659	3.062	3.062	18.372	5.815	5.815	20.121
Castela e León	3.068	3.069	18.411	3.391	18.264	3.528	798	12.880	2.396	2.328	14.771	4.059	4.059	24.356	2.852	2.852	17.112	4.206	4.206	15.626
Cataluña	638	629	1.267	280	150	442	966	524	123	439	955	955	1.130	205	205	409	195	195	240	
C. Valenciana	413	414	2.482	316	530	647	505	3.456	170	536	2.117	270	1.617	82	82	491	190	190	880	
Estremadura	2.139	3.648	17.360	2.672	3.456	3.600	3.869	3.661	3.567	21.683	4.597	4.597	27.560	2.973	2.973	17.839	4.171	4.171	13.788	
Galicia	982	963	5.774	1.432	803	6706	1.631	21.995	715	4.469	15.523	3.052	18.311	2.726	2.726	16.355	2.489	2.489	8.533	
Madrid	600	652	1.252	973	472	1.347	1.445	404	62	466	402	402	803	802	802	1.604	1.037	1.037	1.728	
Murcia	562	559	3.363	532	917	4.646	466	2.766	687	292	2.937	526	3.154	344	344	2.061	335	335	1.557	
A Ríoxa	62	63	125	71	72	143	641	424	232	656	246	246	491	398	398	796	582	582	970	
<b>Total</b>	13.494	16.349	82.088	16.943	24.778	119.938	155.267	18.626	25.581	128.393	26.926	26.926	154.985	21.748	21.748	120.714	27.500	27.500	97.270	

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

## Superficie total censada e superficie agrícola utilizada 1999: distribución segundo réxime de tenza

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(en Ha.)					
<b>Superficie total censada</b>	2.041.799	509.597	710.765	517.965	303.472	42.180.951
En propiedade	1.721.409	448.057	539.494	452.968	280.890	31.194.823
En arrendamento	80.095	22.503	40.727	12.818	4.046	7.907.502
En aparcería	3.048	1.195	801	794	257	859.086
Noutro réxime de tenza	237.247	37.841	129.743	51.384	18.279	2.219.540
<b>Superficie Agrícola Utilizada (SAU)</b>	696.690	201.266	294.200	120.432	80.793	26.316.787
En propiedade	582.039	170.718	247.566	89.722	74.033	17.632.290
En arrendamento	59.026	16.820	28.169	10.558	3.479	7.073.199
En aparcería	2.100	718	570	725	86	787.295
Noutro réxime de tenza	53.525	13.009	17.895	19.427	3.194	824.003

Fonte: INE, Censo agrario 1999

### O réxime de tenencia

Ó abeiro da lei 3/1993, do 16 de abril, que regula as parcerías e os arrendamentos rústicos históricos de Galicia, establécense unha serie de axudas co obxectivo de facilita-lo acceso á propiedade deste tipo de parcerías e arrendamentos. Os beneficiarios destas axudas son os parceiros e arrendatarios rústicos-históricos, entendendo por tales aqueles con antigüidade como cultivadores de terras anterior a agosto de 1942.

Contémplanse dúas clases de axudas na modalidade de subvencións, que serán aplicables a aqueles que accedan á propiedade ata o 31 de decembro do ano 2005: unha referida ó prezo de compra das terras adquiridas, e outra referida ós gastos derivados dos documentos que se outorguen en relación con esta compra.


O **cadro 2.34.**, que reflicte a distribución da superficie total censada e a superficie agrícola utilizada segundo o seu réxime de tenencia, amosa diferencias importantes entre a situación rexistrada en Galicia e no conxunto do Estado. Mentres que en España o 74% da superficie total censada está en réxime de propiedade e un 18,7% o está en réxime de arrendamento, en Galicia esta porcentaxe é do 84,3% e 3,9%, respectivamente. Asemade, o devandito cadro reflicte unha maior importancia relativa en Galicia de “outro réxime”, que representa o 11,6% en Galicia fronte ó 5,3% en España.

Atendendo á súa distribución provincial, hai que salientar, por unha banda, o elevadísimo peso relativo da superficie total censada en réxime de propiedade rexistrado na provincia de Pontevedra (o 92,6% da superficie total da provincia). Por outra, a provincia de Lugo o réxime de tenza “outros réximes” representa o 18,6%, mentres que o réxime de propiedade, a diferenza do acontecido nas outras provincias galegas, é similar ó nivel estatal.


No concernente á desagregación da SAU segundo o seu réxime de tenencia, o devandito **cadro 2.34.** reflicte que, ó igual que no caso do réxime de tenencia da superficie total censada, existen importantes diferencias entre Galicia e o total estatal. Así, en Galicia o total de superficie en réxime de propiedade representa o 83,5% da SAU fronte ó 67% no conxunto do Estado, mentres que en réxime de alugueiro está o 8,5% da superficie agraria utilizada fronte ó 26,9% de media en España.

Asemade, o devandito cadro reflicte o elevado peso relativo da superficie en réxime de propiedade na provincia de Pontevedra (91,6% da SAU total da provincia) e do “outro réxime de tenencia” na provincia de Ourense, cun 16,1%. ■





## DESENVOLVEMENTO DO ÁMBITO RURAL



A análise do desenvolvemento do ámbito rural realízase a partir dos datos facilitados no *Anuario Económico de España 2002* e no *Anuario Social 2003* de La Caixa, así como pola Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, a Consellería de Sanidade (*Guía de servicios 2002*), o IGE (*Estatística de ocupación no turismo rural*), os anuarios de estatística agraria 1999 e 2000, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, o Instituto Enerxético de Galicia e o *Libro branco da enerxía*.

En primeiro lugar preséntanse unha serie de indicadores que teñen especial incidencia na actividade económica, como son, entre outros, o número de teléfonos, vehículos de motor, oficinas bancarias, o número de actividades industriais, actividades comerciais ou a súa superficie.

De seguido preséntase unha serie de indicadores ou índices de desenvolvemento económico que reflicten a capacidade de consumo e a importancia relativa das distintas actividades económicas a través de números índices que teñen como base o total nacional equivalente a 100.000 unidades.

A continuación, os **cadros 2.38. a 2.40.** amosan o número de residencias e prazas residenciais, o número de centros de maiores e centros escolares no ámbito rural, así como a poboación con médico asignado, centros de saúde, consultorios, e recursos humanos en atención ordinaria (servicios básicos e servicios de apoio e especiais).

Finalmente, faise referencia tanto á evolución do turismo rural –dada a súa importancia no eido da “promoción do desenvolvemento socioeconómico das zonas desfavorecidas”– como a aquelas outras actividades que afectan ó desenvolvemento socioeconómico do medio rural (actividade artesanal, caza, acuicultura continental ou enerxías renovables).

Como punto de partido cómpre salientar que a información estatística e os indicadores socioeconómicos recollidos nos devanditos *Anuarios* se refiren ós diferentes municipios de máis de 1.000 habitantes. A súa poboación representa en torno ó 96% da poboación total de Galicia e España.

O **cadro 2.35.** amosa o valor dunha serie de variables que teñen incidencia na actividade eco-

2.35.

Indicadores de desenvolvemento do medio rural galego 2001 <sup>(1)</sup>

	Galicia	Medio rural				GR / G (%)	
		Total	15% - 20%	20% - 40%	>40%		
<b>Extensión</b>	(en km <sup>2</sup> )	29.560	21.533	1.939	9.713	9.881	72,8
<b>Teléfonos 2001</b>		1.023.163	236.215	39.817	124.812	71.586	23,1
<b>Teléfonos 96</b>		920.939	208.986	34.686	109.315	64.985	22,7
<b>Variación teléfonos 96-01</b>	(%)	11,1	13,0	14,8	14,2	10,2	
<b>Vehículos de motor</b>		1.438.077	377.715	60.800,0	195.230,0	121.685,0	26,3
<b>Automóviles</b>		1.147.519	296.778	47.832	151.185	97.761	25,9
<b>Camións e furgonetas</b>		193.096	55.899	8.958	29.934	17.007	28,9
<b>Motocicletas</b>		57.737	13.118	2.451	6.888	3.779	22,7
<b>Autobuses</b>		4.809	1.243	76	749	418	25,8
<b>Tractores</b>		8.377	2.581	244	1.703	634	30,8
<b>Outros vehículos de motor agás buses, motos e tractores</b>		26.539	8.096	1.239	4.771	2.086	30,5
<b>Outros vehículos de motor</b>		97.462	25.038	4.010	14.111	6.917	25,7
<b>Vehículos de motor 1996</b>		1.191.447	311.221	49.344	161.690	100.187	26,1
<b>Automóviles 1996</b>		953.089	245.554	38.766	126.028	80.761	25,8
<b>Camións e furgonetas 1996</b>		160.779	46.039	7.330	24.764	13.945	28,6
<b>Variación total vehículos de motor 96-01</b>	(%)	20,7	21,4	23,2	20,7	21,5	
<b>Variación automóviles 96-01</b>	(%)	20,4	20,9	23,4	20,0	21,0	
<b>Variación camións e furgonetas 96-01</b>	(%)	20,1	21,4	22,2	20,9	22,0	
<b>Oficinas bancarias</b>		2.472	680	103	362	215	27,5
<b>Bancos</b>		1.365	358	53	196	109	26,2
<b>Caixas de aforro</b>		1.073	293	49	154	90	27,3
<b>Cooperativas de crédito</b>		34	29	1	12	16	85,3
<b>Variación oficinas bancarias 96-01 (absoluta)</b>		24	-31	2	-9	-24	
<b>Variación bancos 96-01 (absoluta)</b>		-102	-42	-2	-19	-21	
<b>Variación caixas de ahorro 96-01 (absoluta)</b>		123	10	4	9	-3	
<b>Variación cooperativas de crédito (absoluta)</b>		3	1	0	1	0	
<b>Actividades industriais</b>		42.444	13.477	2.379	7.510	3.588	31,8
<b>Enerxía e auga</b>		391	192	26	103	63	49,1
<b>Extracción e transf. min. enerx. e deriv.; ind. quím</b>		2.148	772	129	442	201	35,9
<b>Industrias transf. de metais; mec. precisión</b>		4.242	1.160	192	627	341	27,3
<b>Industrias manufactureiras</b>		10.835	3.411	575	1.976	860	31,5
<b>Construcción</b>		24.828	7.942	1.457	4.362	2.123	32,0
<b>Actividades comerciais por xunto</b>		11.580	2.452	417	1.358	677	21,2
<b>Materias primas agrarias; alim., bebidas e tabaco</b>		5.069	1.223	230	655	338	24,1
<b>Téxtis, confec., calzado e art. coiro</b>		426	44	7	31	6	10,3
<b>Productos farmac., perfum. e mant. fogar</b>		717	85	14	41	30	11,9
<b>Comercio por xunto de art. consumo duradeiro</b>		1.464	115	12	87	16	7,9
<b>Comercio por xunto interindustrial</b>		411	62	10	41	11	15,1
<b>Outro comercio por xunto interindustrial</b>		2.848	881	137	474	270	30,9
<b>Outro comercio por xunto non especificado</b>		645	42	7	29	6	6,5
<b>Actividades comerciais polo miúdo</b>		56.968	13.190	2.215	7.680	3.295	23,2
<b>Total alimentación</b>		19.043	4.666	847	2.619	1.200	24,5
<b>Total non alimentación</b>		32.719	6.752	1.057	4.126	1.569	20,6
<b>Vestido e calzado</b>		8.726	1.456	244	962	250	16,7
<b>Fogar</b>		7.498	1.636	270	1.003	363	21,8
<b>Resto non alimentación</b>		16.495	3.660	543	2.161	956	22,2
<b>C. mixto e outros</b>		5.206	1.772	311	935	526	34,0
<b>Grandes almacéns</b>		3	1	-	1,0	-	33,3
<b>Hipermercados</b>		25	1	-	1,0	-	4,0
<b>Almacéns populares</b>		101	12	3	8	1	11,9
<b>Ambulante e mercadillos</b>		2.546	664	159	390	115	26,1
<b>Outro comercio mixto</b>		2.531	1.094	149	535	410	43,2
<b>Variación núm. actividades comerciais polo miúdo 96-01</b>	(%)	14,1	15,7	13,3	16,5	15,5	
<b>Actividades comerciais polo miúdo 1996</b>		49.928	11.401	1.955	6.594	2.853	22,8
<b>Superficie activ. comerciais polo miúdo</b>	(en m <sup>2</sup> )	5.252.318	1.116.698	173.955	670.844	271.899	21,3
<b>Alimentación</b>	(en m <sup>2</sup> )	872.942	174.948	29.140	101.492	44.316	20,0
<b>Total non alimentación</b>	(en m <sup>2</sup> )	3.693.193	819.178	127.441	503.449	188.288	22,2
<b>Vestido e calzado</b>	(en m <sup>2</sup> )	636.598	86.305	13.587	59.686	13.032	13,6
<b>Fogar</b>	(en m <sup>2</sup> )	1.253.254	313.269	58.614	189.678	64.977	25,0
<b>Resto non alimentación</b>	(en m <sup>2</sup> )	1.803.341	419.604	55.240	254.085	110.279	23,3
<b>C. mixto e outros</b>	(en m <sup>2</sup> )	686.183	122.572	17.374	65.903	39.295	17,9
<b>Grandes almacéns</b>	(en m <sup>2</sup> )	111.831	540	-	540,0	-	0,5
<b>Hipermercados</b>	(en m <sup>2</sup> )	212.595	5.000	-	5.000,0	-	2,4
<b>Almacéns populares</b>	(en m <sup>2</sup> )	63.317	2.412	305	2.036	71	3,8
<b>Outro comercio mixto</b>	(en m <sup>2</sup> )	298.440	114.620	17.069	58.327	39.224	38,4
<b>Centros comerciais</b>		22	-	-	-	-	-
<b>Superficie centros comerciais</b>	(en m <sup>2</sup> )	261.967	-	-	-	-	-
<b>Actividades de restauración e bares</b>		23.673	6.181	1.075	3.497	1.609	26,1

(1) Para a elaboración deste informe considérase medio rural agrario o formado por todos aqueles concellos que presentan un peso relativo da poboación ocupada na agricultura, gandería e forestal superior ó 15% da poboación ocupada total

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *La Caixa*, *Anuario Económico 2002*

**Telefonía rural de acceso celular (TRAC) 2002 <sup>(1)</sup> :  
distribución segundo áreas funcionais**

	Usuarios	
		(%)
<b>Provincia de A Coruña</b>	20.584	26,5
Ferrol	3.289	4,2
A Coruña	7.082	9,1
Santiago	10.213	13,2
<b>Provincia de Lugo</b>	29.123	37,5
Mariña	2.485	3,2
Monforte	5.994	7,7
Lugo	20.644	26,6
<b>Provincia de Ourense</b>	17.755	22,9
Ourense	13.306	17,1
Verín	2.363	3,0
O Barco	2.086	2,7
<b>Provincia de Pontevedra</b>	10.193	13,1
Vigo	2.665	3,4
Pontevedra	1.551	2,0
Lalín	5.977	7,7
<b>Galicia</b>	<b>77.655</b>	<b>100</b>

(1) datos a 30 de setembro

Fonte: Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual

nómica. Tomando como referencia a importancia relativa da poboación residente no ámbito rural, cómpre salienta-lo peso relativo das actividades industriais (31,8%) fronte ás actividades comerciais por xunto e polo miúdo (21,2% e 23,2%, respectivamente).

No caso das actividades industriais, hai que destacar ás actividades relacionadas coa enerxía e auga e coa “extracción e transformación de minerais enerxéticos e derivados; industria química”, que representan o 49,1% e 35,9% das actividades desenvolvidas no conxunto de Galicia. No caso das actividades comerciais polo miúdo, o denominado “outro comercio mixto” –venta de artigos por correo ou catálogo, en economatos ou cooperativas de consumo, en réxime de expositores en depósitos ou mediante aparatos automáticos, etc.– supón o 43,2% do total das actividades e o 38,4% superficie galega dedicada a este tipo de actividades comerciais.

Asemade, o devandito **cadro 2.35.** amosa que das 34 cooperativas de crédito, 29 estaban emprazadas na Galicia rural. Comparado cos datos de 1996, cómpre salienta-lo descenso do número de bancos (42 entidades menos) fronte á medra das caixas de aforros e cooperativas (dez e unha máis, respectivamente).

Pola contra, é reducida a importancia relativa no caso das actividades comerciais por xunto relacionadas co “comercio por xunto de artigos de consumo duradeiro” (7,9%), “têxtil, confección, calzado e artigos de coiro” (10,3%), “productos farmacéuticos, perfumería e mantemento do fogar” (11,9%). No caso do comercio mixto, dos 25 hipermercados e 101 almacéns populares que hai en Galicia, están emprazados no medio rural 1 e 12, respectivamente. Asemade, cómpre salientar que non hai ningún centro comercial no medio rural.

En relación ó número total de vehículos de motor e ó número de teléfonos, o devandito **cadro 2.35.** amosa que no medio rural galego estes medraron entre os anos 1996 e 2001 un 21,4% e 13,0%, respectivamente, fronte ós 20,7% e 11,1% no conxunto de Galicia.

O **cadro 2.36.** reflicte que o número total de usuarios (accesos STB ocupados) de telefonía rural de acceso celular ascendeu en Galicia a 77.655, o que representa en torno ó 30% do total de accesos estatais.

A provincia de Lugo é a que rexistra o maior número de usuarios, con 29.123 (o 37,5% do total galego), seguida de A Coruña, con 20.584 clien-

2.37.

Principais indicadores de desenvolvemento do medio rural galego 2001. (1)

	Galicia	Medio rural			GR / G	
		Total	15% - 20%	20% - 40%		>40%
		(España = 100.000)			(%)	
Cota de mercado 2001	6.244	1.675	275	878	522	26,8
Cota de mercado 1996	6.603	1.774	285	934	555	26,9
Índice industrial	6.071	1.943	484	1.077	382	32,0
Índice comercial	6.096	1.055	178	607	270	17,3
Índice comercial por xunto	6.378	1.244	206	697	341	19,5
Índice de comercio polo miúdo	5.928	942	158	557	227	15,9
Índice de restauración e bares	6.702	1.215	216	727	272	18,1
Índice turístico	3.066	399	102	209	88	13,0
Índice actividade económica	5.662	1.152	244	660	248	20,3

(1) Para a elaboración deste informe considérase medio rural agrario o formado por todos aqueles concellos que presentan un peso relativo da poboación ocupada na agricultura, gandería e forestal superior ó 15% da poboación ocupada total  
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de La Caixa , Anuario Económico 2002

2.38.

Servicios ós maiores e centros escolares no medio rural galego (1)

	Galicia	Medio rural			GR / G	
		Total	15% - 20%	20% - 40%		>40%
					(%)	
Residencias	168	55	8	33	14	32,7
Prazas residenciales	9.808	3.063	252	2.013	798	31,2
Prazas residenciales/1.000 habitantes 65 e máis anos	17,7	14,8	8,6	19,5	10,7	
Centros de maiores	62	8	1	7	-	12,9
Centros escolares	2.103	570	93	317	160	27,1
Centros escolares públicos	1.601	537	86	297	154	33,5
Centros escolares privados	502	33	7	20	6	6,6
Centros escolares educación infantil	1.358	389	60	209	120	28,6

(1) Para a elaboración deste informe considérase medio rural agrario o formado por todos aqueles concellos que presentan un peso relativo da poboación ocupada na agricultura, gandería e forestal superior ó 15% da poboación ocupada total  
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de La Caixa , Anuario Social 2003

tes (o 26,5%). Atendendo á súa distribución segundo áreas funcionais, o devandito **cadro 2.36.** amosa que Lugo acolle ó 26,6% dos accesos STB, fronte ó 17,1% de Ourense e o 13,2% de Santiago.

Sobre os principais **índices de desenvolvemento económico**, o **cadro 2.37.** reflicte que entre os anos 1996 e 2001 se rexistra un descenso da “cota de mercado” –índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tantos por 100.000 sobre o total nacional)– tanto no conxunto de Galicia como no ámbito rural. A cota de mercado rexistrada no hábitat rural representa, nos dous anos considerados, un 27% do total galego.

Correlacionado coa cota de mercado atópase o índice comparativo da actividade económica

municipal, que se obtén en función do imposto correspondente ó total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais. Segundo os datos para o ano 2000, na Galicia rural este índice representa o 20,3% do total galego.

Atendendo ó valores dos diferentes índices sectoriais, cómpre salientar que o peso relativo de tódolos índices, agás o referido á actividade industrial, presenta un valor inferior ó rexistrado pola variable poboacional. O índice industrial é o que presenta unha maior importancia relativa, con 32,0%, mentres que os máis reducidos rexístranse no caso do turismo (13,0%) e do comercio polo miúdo (15,9%).

No concernente á **atención ás persoas maiores**, os datos do *Anuario social 2003* de La Caixa, **cadro 2.38.**, reflicten que no medio rural hai un total de 55 residencias que ofertan un total

## Poboación con médico asignado, centros de saúde e consultorios nos medios rurais e urbanos galegos

	Poboación con médico asignado no concello					Centros de saúde	Consultorios
	0 - 14 anos	15-64 anos	> 64 anos	Mulleres 15-45			
<b>Total provincia de A Coruña</b>	1.058.505	119.773	723.720	215.012	242.736	123	53
<b>Medio urbano</b>	779.695	90.178	545.128	144.389	187.082	58	22
<b>Medio rural</b>	232.687	23.660	147.774	61.253	45.556	58	24
15% - 20%	40.668	4.004	26.327	10.337	8.184	6	2
20% - 40%	141.191	15.387	90.529	35.275	28.458	32	13
>40%	50.828	4.269	30.918	15.641	8.914	20	9
Resto de concellos (2)	46.123	5.935	30.818	9.370	10.098	7	7
<b>Total provincia de Lugo</b>	340.490	33.992	209.084	97.414	66.982	71	15
<b>Medio urbano</b>	143.986	17.013	95.692	31.281	33.382	13	2
<b>Medio rural</b>	196.504	16.979	113.392	66.133	33.600	58	13
15% - 20%	4.541	390	2.791	1.360	848	2	1
20% - 40%	81.539	7.783	49.055	24.701	15.383	17	3
>40%	110.424	8.806	61.546	40.072	17.369	40	9
<b>Total provincia de Ourense</b>	323.758	32.628	198.454	92.676	62.655	101	9
<b>Medio urbano</b>	197.305	23.425	130.036	43.844	44.478	21	2
<b>Medio rural</b>	124.225	9.099	67.277	47.849	17.899	78	7
15% - 20%	25.373	2.583	15.064	7.726	4.588	6	0
20% - 40%	71.309	4.979	38.101	28.229	9.882	50	3
>40%	27.543	1.537	14.112	11.894	3.429	22	4
Resto de concellos (2)	2.228	104	1.141	983	278	2	0
<b>Total provincia de Pontevedra</b>	880.163	114.546	608.183	157.434	209.324	92	23
<b>Medio urbano</b>	760.052	100.786	531.602	127.664	184.552	67	13
<b>Medio rural</b>	112.489	12.809	71.697	27.983	23.184	24	9
15% - 20%	40.821	4.783	26.448	9.590	8.539	10	5
20% - 40%	58.871	6.746	37.392	14.733	12.312	11	3
>40%	12.797	1.280	7.857	3.660	2.333	3	1
Resto de concellos (2)	7.622	951	4.884	1.787	1.588	1	1
<b>Galicia</b>	2.602.916	300.939	1.739.441	562.536	581.697	387	100
<b>Medio urbano</b>	1.881.038	231.402	1.302.458	347.178	449.494	159	39
<b>Medio rural</b>	665.905	62.547	400.140	203.218	120.239	218	53
15% - 20%	111.403	11.760	70.630	29.013	22.159	24	8
20% - 40%	352.910	34.895	215.077	102.938	66.035	110	22
>40%	201.592	15.892	114.433	71.267	32.045	85	23
Resto de concellos (2)	55.973	6.990	36.843	12.140	11.964	10	8

(1) Para a elaboración deste informe considérase medio rural agrario o formado por todos aqueles concellos que presentan un peso relativo da poboación ocupada na agricultura, gandería e forestal superior ó 15% da poboación ocupada total

(2) Inclúense os datos daqueles concellos que non se poden clasificar nunha das categorías consideradas por falta de datos

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Consellería de Sanidade, Guía de Servizos 2002*

de 3.063 prazas (datos correspondentes a xuño de 2002). Comparado cos datos existentes para o conxunto de Galicia, o devandito cadro amosa que o seu peso relativo no total galego é do 32,7% e 31,2%, porcentaxe inferior á presentada pola poboación maior de 65 anos residente nos municipios pertencentes ó medio rural (37,3%). No caso dos centros de maiores (dato dispoñible para 1997) na Galicia rural están emprazados oito dos 62 centros.

En relación ós **centros escolares**, no ano 2001 hai un total de 570 centros na Galicia rural, o que representa o 27,1% do total dos centros escolares galegos. Atendendo á súa distribución entre centros públicos e privados, o devandito **cadro 2.38**. amosa que dos 570 centros escolares, 537 centros son públicos (o 33,5% dos centros públicos galegos) e 33 son privados (o 6,6% dos

centros privados galegos). No caso dos centros escolares de educación infantil, a súa importancia relativa no total galego é do 28,6% (389 centros escolares).

Os **cadros 2.39. e 2.40.** amosan a poboación con médico asignado nos concellos do medio rural e urbano, así como o número de centros de saúde e consultorios, e os recursos humanos en atención ordinaria. Nos concellos pertencentes ó denominado medio rural hai un total de 218 centros de saúde e 53 consultorios, que atenden a un total de 665.905 persoas.

## Turismo rural

Nos últimos anos produciuse un importante auxe do turismo rural, que é considerado coma unha *“estratexia relevante pola súa contribución*

**2.40.**
**Recursos humanos en atención ordinaria: servicios básicos e servicios de apoio e especiais**

	Medico xeral	Servicios básicos				Servicios de Apoio e especiais										
		Ats/diue	Celador	Pediatría	Auxiliar enferm.	Med. Int. Resid.	Técnico espec.	Odontólogo	Matrona	Técnico Espec.	Farmac.	Fisiot.	Asist. Social	Ats/diue	Auxiliar enferm.	Psicólogo
<b>Total provincia de A Coruña</b>	587	514	79	160	67	29	0	41	76	16	27	38	25	8	15	9
Medio urbano	419	395	65	103	59	29	0	35	45	15	21	34	23	8	12	9
Medio rural	143	102	10	49	6	0	0	6	28	1	5	4	2	0	3	0
15% - 20%	25	17	1	6	2	0	0	1	3	0	1	0	0	0	0	0
20% - 40%	81	61	9	24	4	0	0	5	17	1	4	4	2	0	3	0
>40%	37	24	0	19	0	0	0	0	8	0	0	0	0	0	0	0
Resto de concellos (2)	25	17	4	8	2	0	0	0	3	0	1	0	0	0	0	0
<b>Total provincia de Lugo</b>	289	215	37	50	69	9	1	17	7	7	11	10	8	5	1	3
Medio urbano	92	89	17	19	56	9	0	10	4	4	7	4	5	5	1	3
Medio rural	197	126	20	31	13	0	1	7	3	3	4	6	3	0	0	0
15% - 20%	5	3	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
20% - 40%	62	58	13	15	13	0	1	4	2	0	4	5	3	0	0	0
>40%	130	65	7	15	0	0	0	3	1	3	0	0	0	0	0	0
<b>Total provincia de Ourense</b>	252	219	17	38	19	14	4	15	9	1	6	5	9	5	0	5
Medio urbano	125	129	17	27	15	14	2	10	8	0	4	3	9	5	0	5
Medio rural	124	86	0	11	4	0	2	5	1	1	2	2	0	0	0	0
15% - 20%	18	15	0	4	3	0	2	2	0	1	2	2	0	0	0	0
20% - 40%	74	49	0	6	1	0	3	1	1	0	0	0	0	0	0	0
>40%	32	24	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Resto de concellos (2)	3	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>Total provincia de Pontevedra</b>	491	468	65	132	136	20	2	28	60	13	21	18	21	1	0	0
Medio urbano	414	392	56	107	128	20	2	25	47	11	19	15	20	1	0	0
Medio rural	73	73	8	23	8	0	0	3	12	2	2	3	1	0	0	0
15% - 20%	24	18	0	9	0	0	0	0	7	0	0	0	0	0	0	0
20% - 40%	41	49	8	11	8	0	0	2	4	2	2	3	1	0	0	0
>40%	8	6	0	3	0	0	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0
Resto de concellos (2)	4	3	1	2	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0
<b>Total Galicia</b>	1.619	1.416	198	380	291	72	7	101	152	37	65	71	63	19	16	17
Medio urbano	1.050	1.005	155	256	258	72	4	80	104	30	51	56	57	19	13	17
Medio rural	537	389	38	114	31	0	3	21	44	7	13	15	6	0	3	0
15% - 20%	72	53	1	20	5	0	2	3	10	1	3	2	0	0	0	0
20% - 40%	258	217	30	56	26	0	1	14	24	3	10	12	6	0	3	0
>40%	207	119	7	38	0	0	0	4	10	3	0	1	1	0	0	0
Resto de concellos (2)	32	22	5	10	2	0	0	0	4	0	1	0	0	0	0	0

(1) Para a elaboración deste informe considérase medio rural agrario o formado por todos aqueles concellos que presentan un peso relativo da poboación ocupada na agricultura, gandería e forestal superior ó 15% da poboación ocupada total

(2) Inclúense os datos daqueles concellos que non se poden clasificar nalgunha das categorías consideradas por falta de datos  
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Conselleira de Sanidade*, *Guía de Servizos 2002*

## 2.41.

## Prazas ofertadas en establecementos de turismo rural 1997 e 2001

	1997	2001	2001			01/97
			Pazos	Casas de aldea	Casas de labranza	
A Coruña	385	899	208	527	164	133,5
Lugo	590	1.197	216	763	218	102,9
Ourense	221	586	259	321	6	165,2
Pontevedra	483	1.137	180	813	144	135,4
<b>Total</b>	<b>1.679</b>	<b>3.819</b>	<b>863</b>	<b>2.424</b>	<b>532</b>	<b>127,5</b>

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

## 2.42.

## Viaxeiros e pernoctacións en establecementos de turismo rural 1997 e 2001

	1997		2001		01/97	
	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.
					(%)	
A Coruña	16.575	32.733	35.354	78.101	113,3	138,6
Lugo	14.217	26.839	29.695	56.144	108,9	109,2
Ourense	6.338	13.196	17.609	31.979	177,8	142,3
Pontevedra	8.355	19.571	22.303	57.318	166,9	192,9
<b>Total</b>	<b>45.485</b>	<b>92.339</b>	<b>104.961</b>	<b>223.542</b>	<b>130,8</b>	<b>142,1</b>

Fonte: IGE, *Estadística de ocupación no turismo rural*

*ó arraigo da poboación, á creación de empregos, e en definitiva, á promoción do desenvolvemento socioeconómico das zonas desfavorecidas”.*

Esta evolución ven explicada por diferentes razóns, entre as que cómpre salientar:

- Satisface a demanda de espazos abertos para a práctica dunha ampla gama de actividades lúdicas, deportivas e de distracción cultural
- Responde ó crecente interese polo patrimonio natural e a cultura rural
- As posibilidades deste recurso, tanto polo seu efecto multiplicador e produtor de ganancias complementarias, como pola súa capacidade de creación de sinerxias e xerador de demanda de infraestruturas e de servizos de apoio ó mundo rural
- Promoción feita polos distintos axentes económicos.

Centrándonos nos datos estatísticos na comunidade galega, o **cadro 2.41.** reflicte a evolución da oferta ente os anos 1997 e 2001. Neste período de tempo, o número de prazas rexistrou unha medra do 127,5% para acada-las 3.819 prazas. As provincias de Lugo e Pontevedra son as que acollen a meirande parte das prazas oferta-

das, con 1.197 e 1.137 prazas, respectivamente, mentres que a que rexistrou o crecemento máis importante foi Ourense, cun 165,5%.

Atendendo ó lado da demanda, o **cadro 2.42.** reflicte a evolución do número de pasaxeiros e de pernoctacións no mesmo período de tempo. O número de viaxeiros e pernoctacións no ano 2001 ascenden a 104.961 persoas e 223.542 pernoctacións, o que significa unha medra de 130,8% e 142,1%, respectivamente. As provincias de A Coruña e Lugo son as que presentan o maior número de viaxeiros, con 35.354 e 29.695 persoas, mentres que no caso das pernoctacións, as que rexistran un nivel máis elevado son A Coruña e Pontevedra, con 78.101 e 57.318 pernoctacións, respectivamente.

Atendendo á súa evolución entre 1997 e 2001, cómpre salienta-lo incremento do número de viaxeiros rexistrado na provincia de Ourense, cunha medra do 177,8%, mentres que no caso das pernoctacións, a provincia que rexistra o incremento máis elevado é Pontevedra, con 192,9%.

Finalmente, o **cadro 2.43.** reflicte a estadía media e o grao de ocupación neste tipo de esta-

2.43.

Grao de ocupación e estadía media en establecementos de turismo rural 1997 e 2001

	1997		2001		01/97	
	GO	EM	GO	EM	GO	EM
	(%)	(en días)	(%)	(en días)	(en puntos porcentuais)	(%)
<b>A Coruña</b>	23,5	2,0	26,4	2,2	2,9	12,2
<b>Lugo</b>	12,6	1,9	14,3	1,9	1,7	0,0
<b>Ourense</b>	17,4	2,1	18,4	1,8	0,9	-12,5
<b>Pontevedra</b>	11,4	2,3	15,5	2,6	4,2	9,8
<b>Total</b>	15,4	2,0	18,1	2,1	2,8	4,9

Fonte: IGE, *Estadística de ocupación no turismo rural*

blecementos. No ano 2001, o grao de ocupación nos establecementos de turismo rural foi do 18,1%, 2,8 puntos porcentuais superior ó rexistrado en 1997 (15,3%). Atendendo á distribución provincial, A Coruña é a que presenta o maior grao de ocupación, co 26,4%, seguida de Ourense, co 18,4%. En termos de crecemento, Pontevedra é a que rexistra un maior crecemento da ocupación, cunha medra de 4,2 puntos entre 1997 e 2001, mentres que, no lado oposto, a medra de Ourense foi tan só de 0,9 puntos porcentuais

No concerne á estadía media, esta acada os 2,1 días no ano 2001 fronte ós 2,0 días do ano 1997. Nese período de tempo, Ourense é a única provincia galega que experimenta unha caída da mesma, pasando dos 2,1 días ós 1,8 días do ano 2001, permanecendo constante no caso de Lugo (1,9 días).

### Outras actividades de desenvolvemento rural

Este último apartado fai referencia a unha serie de indicadores xerais sobre aqueloutras actividades que afectan ó desenvolvemento socio-económico do medio rural. Entre estas actividades cómpre salienta-la artesanía, a caza, a pesca fluvial, as piscifactorías ou a enerxía renovable.

A **actividade artesanal** en Galicia adquire unha grande importancia tanto dende o punto de vista económico como cultural, ó contar cunha gran diversidade de oficios nos que ocupan un lugar salientable os tradicionais populares. A Consellería de Innovación, Industria e Comercio estima que esta actividade é exercida, tanto a

tempo completo como parcial, por preto de 6.000 persoas, estando a súa produción bruta anual en torno ós 54 millóns de euros.

Atendendo ós datos reflectidos no **cadro 2.44.**, no ano 1999 había en Galicia un total de 1.541 artesáns nos 279 talleres inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, o que implica 5,52 artesáns por taller. O devandito cadro amosa un crecemento do número de talleres e artesáns, pasando o número medio de artesáns por taller dos 2,05 de 1993 ós devanditos 5,52 artesáns por taller de 1999.

Os **cadros 2.45. e 2.46.** reflicten a evolución do número de licencias de **caza** e do número de pezas cobradas. O número de licencias de caza en Galicia descende de maneira continua ó longo dos cinco anos considerados, pasando das 85.640 licencias de 1995 ás 74.921 licencias en 1999. En termos relativos, este descenso rexistrado foi do 12,5%.

En relación á **acuicultura continental**, o **cadro 2.47.** presenta a súa estrutura productiva de acordo cos centros de produción existentes en cada provincia en función da súa orientación productiva: produción de crías para o seu reengorde noutro centro, produción de troita para consumo humano, produción mixta de crías para reengorde noutro centro e troita para consumo humano e, finalmente, produción de crías para repoboación.

O número de centros con actividade ascendeu a 31, dos que 19 corresponde á produción de troita para consumo humano. Atendendo á distri-

2.44.

Actividade artesanal 1993-99

	Artesanos	Talleres	Nº medio de artesanos por taller
1993	45	22	2,05
1994	427	100	4,27
1995	582	133	4,38
1996	730	166	4,40
1997	952	187	5,09
1998	1.191	231	5,16
1999	1.541	279	5,52

Fonte: Consellería de Innovación, Industria e Comercio  
[http://www.xunta.es/conselle/in/artesania.htm (última revisión: 1-04-03)]

2.45.

Licencias de caza e pesca 1995-99

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Ano 1995</b>					
Caza	85.640	25.556	19.281	17.809	22.994
Pesca	96.873	31.217	23.143	24.118	18.395
<b>Ano 1996</b>					
Caza	84.474	24.938	18.995	17.445	23.096
Pesca	100.883	33.515	23.531	24.747	19.090
<b>Ano 1997</b>					
Caza	80.454	24.070	17.865	16.503	22.016
Pesca	94.034	28.499	22.863	24.545	18.127
<b>Ano 1998</b>					
Caza	76.912	24.104	16.653	15.471	20.684
Pesca	98.539	36.353	22.594	23.465	16.127
<b>Ano 1999</b>					
Caza	74.921	23.950	16.309	14.935	19.727
Pesca	91.711	32.015	20.644	22.628	16.424
<b>Variación 99/95 (%)</b>					
Caza	-12,5	-6,3	-15,4	-16,1	-14,2
Pesca	-5,3	2,6	-10,8	-6,2	-10,7

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Anuario de Estadística Agraria 1999

2.46.

Pezas de caza cobradas 1995-1999

	Xabaril	Outra caza maior	Liebre	Coello	Outra caza menor	Perdiz	Paspallás	Outra caza volátil	Total caza
<b>1995 Galicia</b>	1.642	514	1.297	170.147	11.489	38.049	1.500	14.275	238.913
A Coruña	322	33	354	47.547	5.133	8.349	-	7.175	68.913
Lugo	790	430	890	22.300	2.056	18.000	-	(nd)	44.466
Ourense	450	51	53	25.300	1.300	10.200	1.500	2.100	40.954
Pontevedra	80	-	-	75.000	3.000	1.500	-	5.000	84.580
<b>1998 Galicia</b>	3.137	798	1.330	144.289	6.448	28.927	1.432	12.584	198.945
A Coruña	317	180	468	37.339	3.100	7.651	-	5.559	54.614
Lugo	1.687	533	805	23.200	-	12.600	-	(nd)	38.825
Ourense	1.032	85	57	18.750	948	7.326	1.432	2.025	31.655
Pontevedra	101	-	-	65.000	2.400	1.350	-	5.000	73.851
<b>1999 Galicia</b>	2.913	781	(nd)	(nd)	5.216	(nd)	4.448	(nd)	(nd)
A Coruña	281	180	444	36.516	2.985	7.668	-	(nd)	(nd)
Lugo	1.787	519	525	21.500	(nd)	14.350	-	(nd)	(nd)
Ourense	684	82	(nd)	(nd)	131	(nd)	4.448	(nd)	(nd)
Pontevedra	161	-	-	38.000	2.100	2.300	-	2.000	44.561
					(%)				
<b>95/99 Galicia</b>	77,4	51,9			-54,6		196,5		
A Coruña	-12,7	445,5	25,4	-23,2	-41,8	-8,2			
Lugo	126,2	20,7	-41,0	-3,6		-20,3			
Ourense	52,0	60,8			-89,9		196,5		
Pontevedra	101,3			-49,3	-30,0	53,3		-60,0	-47,3

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Anuario de Estadística Agraria 1999

2.47.

**Estructura productiva da acuicultura continental 1999: distribución segundo a súa orientación productiva**

	<u>Galicia</u>	<u>A Coruña</u>	<u>Lugo</u>	<u>Ourense</u>	<u>Pontevedra</u>
	(número de centros con actividade)				
Reengorde	5	2	2	0	1
Consumo humano	19	11	5	0	3
Mixtas	3	1	2	0	0
Repoboación	4	1	1	1	1
<b>Total</b>	<b>31</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>1</b>	<b>5</b>

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estadística Agraria 2000

2.48.

**Producción da acuicultura continental 2000: distribución segundo especies e destino**

		<u>Galicia</u>	<u>A Coruña</u>	<u>Lugo</u>	<u>Ourense</u>	<u>Pontevedra</u>
<b>Troita Arco Iris</b>						
Consumo humano	(en Tm)	8.112,4	5.472,0	1.959,9	0	680,5
Reengorde	(Alevíns)	18.493.000	8.350.000	7.643.000	0	2.500.000
Ovos	(en unidades)	89.500.000	0	89.500.000	0	0
<b>Salmón</b>						
Reengorde	(Alevíns)	700.000	0	700.000	0	0
Repoboación	(Alevíns)	250.000	0	0	0	250.000
<b>Troita fario</b>						
Repoboación	(Alevíns)	2.848.705	1.063.000	925.000	560.705	300.000

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estadística Agraria 2000

2.49.

**Producción de troita Arco Iris 1996-2000**

	<u>Galicia</u>	<u>A Coruña</u>	<u>Lugo</u>	<u>Ourense</u>	<u>Pontevedra</u>
	(entoneladas)				
<b>1996</b>	6.835,7	4.330,0	1.720,0	25,0	760,7
<b>1997</b>	6.623,4	4.404,0	1.446,0	0,0	773,4
<b>1998</b>	6.005,9	3.628,5	1.591,0	0,0	786,4
<b>1999</b>	7.940,5	5.609,0	1.858,0	0,0	473,5
<b>2000</b>	8.112,4	5.472,0	1.959,9	0,0	680,5
<b>00/96 (%)</b>	<b>18,7</b>	<b>26,4</b>	<b>13,9</b>	<b>-100,0</b>	<b>-10,5</b>

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estadística Agraria 2000


2.50.

**Energías renovables 1998-2001: potencia instalada e produción**

		<u>Hidráulica</u>	<u>Minihidráulica</u>	<u>Eólica</u>	<u>Biomasa</u>	<u>Solar</u>	<u>Total</u>
<b>Ano 1998</b>							
Potencia instalada	(en MW)	2.759,0	115,0	257,0	40,0	0,1	3.171,1
Producción eléctrica	(en Ktep)	635,0	35,0	30,0	7,0	-	707,0
Producción térmica	(en Ktep)	-	-	-	228,0	-	228,0
<b>Ano 1999</b>							
Potencia instalada	(en MW)	2.759,0	115,0	487,0	40,0	0,1	3.401,1
Producción eléctrica	(en Ktep)	526,0	32,0	64,0	8,0	0,0	630,0
Producción térmica	(en Ktep)	-	-	-	275,0	-	275,0
<b>Ano 2000 (1)</b>							
Potencia instalada	(en MW)	2.803,0	137,0	617,0	33,0	0,1	3.590,1
Producción eléctrica	(en Ktep)	614,5	43,0	113,3	4,8	-	775,7
Producción térmica	(en Ktep)	-	-	-	153,4	-	153,4
<b>Ano 2001 (1)</b>							
Potencia instalada	(en MW)	2.785,0	162,2	970,6	34,2	0,2	3.952,2
Producción eléctrica	(en Ktep)	745,0	44,0	176,0	5,0	-	970,0
Producción térmica	(en Ktep)	-	-	-	227,0	0,2	227,2

(1) datos referidos a 31 de decembro

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Instituto Enerxético de Galicia e do Libro Blanco da Enerxía



bución provincial, A Coruña acolle a 15 centros, fronte ós 10 de Lugo, e os 5 de Pontevedra e un de Ourense.

Os **cadros 2.48.** e **2.49.** amosan a súa produción final, que é ben para consumo humano, ben para a repoboación de leitos fluviais (esta última é exclusiva dos centros públicos). No concerne á poboación final para consumo humano, para chegar á mesma danse producións intermedias como son as de ovos e crías para o reenorde. O **cadro 2.48.** presenta os datos destas producións intermedias cando non se pecha o ciclo no mesmo centro.

O segundo cadro reflicte a produción de produción de troita Arco Iris para consumo humano, por ser esta a única especie que pecha o ciclo de produción na acuicultura continental galega. Entre os anos 1996 e 2000, a súa produción medrou en Galicia un 18,7% ata acadalas 8.112,4 toneladas, producíndose esta medra no caso da provincias de A Coruña (26,4%) e Lugo (13,9%).

No concerne ás **enerxías renovables**, cómpre salientala medra da potencia instalada, que no ano 2001 ascendeu a 3.970 Mw, un 24,6% máis que a potencia instalada en 1998. A produción eléctrica foi de 970 Ktep e a produción térmica de 227 ktep, mentres que no ano 1998 a produción eléctrica foi de 707 ktep e a térmica de 228 ktep.

A enerxía renovable con maior potencia instalada é a hidráulica, que con 2.785 Mw, representa o 70,5% do total da potencia instalada neste tipo de enerxías e o 40% da potencia eléctrica instalada coa totalidade de fontes de enerxía (6.987,1 Mw). A produción eléctrica foi de 745 ktep, que supón o 76,8% da produción eléctrica xerada polas enerxías renovables.

A potencia instalada das centrais minihidráulicas ubicadas en Galicia no ano 2001 foi de 162 Mw (47 máis que no ano 1998), o que representa o 4,1% da potencia instalada na totalidade de enerxías renovables. A achega da enerxía producida nestas centrais ó balance enerxético gale-

go acadou no ano 2001 as 44 ktep, fronte ás 35 ktep de 1998.

No caso das enerxía eólica, os datos do **cadro 2.50.** reflicten o desenvolvemento desta fonte enerxética nos últimos anos. A potencia instalada en Galicia nos parques eólicos ascendeu a 971 Mw, o que supón un crecemento do 277,7% respecto á potencia instalada no ano 1998 (257 Mw). Comparado co total da potencia instalada coa totalidade de fontes de enerxía renovable, os parques eólicos suponen o 14,3% da potencia total instalada en Galicia polas fontes de enerxía renovable.

En Galicia había a 31 de decembro do 2001 un total de 31 parques eólicos en funcionamento, que xeraban unha potencia de 970,6 Mw, sendo os parques eólicos mais importantes os de Masgalan-Ameixeiras, con 99,0 Mw, os da Serra do Cando, Monte Seixo e Outeiro do Coto, con 64,0 Mw, e o de Paxareiras II, cunha potencia de 63,0 Mw. Xunto a estes parques en funcionamento, nesa data había un total de 7 parques eólicos en construción, que terán unha potencia instalada de 216,0 Mw, salientando o parque de Faladoira-P. Loba-Caxado-C. Teixido 2F, que terá unha potencia de 69,3 Mw.

Finalmente, a biomasa aportou no ano 2001 unha potencia instalada de 34 Mw, unha produción eléctrica de 5ktep e unha produción térmica de 227 Ktep. No ano 1998, a potencia instalada foi de 40 Mw, e a produción eléctrica e térmica, de 7 ktep e 228 ktep, respectivamente. ■

